

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 31 de OUTUBRO de 2008**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres, día 31 de outubro de 2008, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 10/08, do 26 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.701 á 16.600, de 2008.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

3.-Aprobación da modificación da distribución interna do financiamento do Plan de obras e servizos (POS) 2008.

4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Camiño A Tilleira e outros” do Concello de Mesía, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2008. Código: 08.2100.0178.0.

Economía, Facenda e Especial de Contas

5.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Cerceda.

6.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Dodro.

7.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Irixoa.

8.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Mañón.

9.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Melide.

10.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Trazo.

11.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Consorcio das Mariñas.

12.-Expediente de modificación de créditos núm. 31/08 de baixas por anulación.

13.-Modificación da Ordenanza fiscal xeral para o exercicio 2009.

14.-Ordenanza fiscal núm. 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia.

15.-Ordenanza fiscal núm. 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame para o exercicio 2009.

16.-Ordenanza fiscal núm. 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono de Sabón para o exercicio 2009.

17.-Ordenanza fiscal núm. 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais para o exercicio 2009.

18.-Ordenanza núm. 13 reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva para o exercicio 2009.

19.-Ordenanza núm. 14 reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán para o exercicio 2009.

20.-Expediente de modificación de créditos núm. 2/08 e modificación das subvencións nominativas recollidas na base 48ª de execución do orzamento provincial do exercicio 2008 de aprobación polo Pleno da Corporación.

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

21.-Aprobación das Bases reguladoras do plan especial de parques infantís 2009.

22.-Aprobación do proxecto reformado da obra "CONSTRUCCIÓN DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA VILAS - ASADOS (1ª FASE) PL" do Concello de Rianxo, incluída na 4ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais. Código 04.7450.0019.0.

23.-Aprobación do segundo proxecto reformado da obra "Colector saneamento en Mosende - Lugar do Muíño" do Concello de Valdoviño, incluída no Plan de investimentos locais 2005. Código 05.3200.0238.0

24.-Aprobación do convenio de colaboración coa Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A. (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) para financiar o PROGRAMA DE RESIDUOS URBANOS EN ORIXE E A Mellora DA RECOLLIDA SELECTIVA.

25.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de Cedeira para financiar as obras incluídas no proxecto de REPARACIÓN DE CUBERTA DE POLIDEPORTIVO MUNICIPAL de CEDEIRA.

26.-Aprobación do convenio co Concello de RIANXO para financiar as obras incluídas no proxecto de CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA (2ª FASE), EN VILAS-ASADOS.

27.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de OROSO para financiar as obras incluídas no proxecto de PISTA MULTIXOGOS SIGÜEIRO OROSO.

28.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de MAZARICOS para financiar a subministración dunha pa retroescavadora.

29.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de MIÑO para financiar as obras incluídas no proxecto de URBANIZACIÓN E ADAPTACIÓN DOUS PARQUES INFANTÍS DE BEMANTES E SAN XOÁN.

30.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de ABEGONDO para financiar a ADQUISICION DE MOBILIARIO PARA A SALA DE PLENOS.

31.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello das PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ para financiar a SUBMINISTRACIÓN DE MAQUINARIA DE OBRAS PÚBLICAS.

32.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de BOIMORTO para financiar as seguintes actuacións:

- RECUPERACIÓN DO CAMPO DE ADESTRAMENTO ANEXO AO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA.
- - ADQUISICIÓN CORTACÉPEDE PARA O CAMPO DE FÚTBOL.
- - EQUIPAMENTO CAMPO DE FÚTBOL.
- - ACONDICIONAMENTO LOCAL PARA ALBERGAR O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO. - ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN MUNICIPAL.
- - SINALIZACIÓN DE NÚCLEOS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO.

33.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de CABANAS para o financiamento da subministración dun tractor e unha máquina limpadora de praias.

34.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de CARNOTA para financiar a ADQUISICION DUN TRACTOR E DÚAS ROZADOIRAS.

35.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de CURTIS para o financiamento da subministración dunha retrocargadora ríxida para traballos ambientais e para obras e servizos municipais.

36.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de DODRO para financiar a ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA CUADRILLA MUNICIPAL.

37.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de DODRO para financiar as obras incluídas no proxecto de REHABILITACION DE EDIFICACIÓN DESTINADA A CENTRO DE REPRESENTACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS.

38.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de LOUSAME para o financiamento das obras incluídas no proxecto de instalación do centro de transformación e compoñentes eléctricos no campo de fútbol municipal de Cabanetán, Cabanetán-Lesende, en Lousame.

39.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de PADRÓN para financiar a SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA VARREDORA.

40.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de SAN SADURNIÑO para o financiamento das OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE BARDAOS E DO CONTORNO DO CENTRO CULTURAL DE LAMAS.

41.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de TOQUES para financiar a SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO (TIPO FURGONETA), con capacidade para oito persoas.

42.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de VILASANTAR para financiar as obras incluídas no proxecto de ARRANXO DE INSTALACIÓNS DO CENTRO CULTURAL DE VILARIÑO, EN VILASANTAR.

43.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de VIMIANZO para a realización de obras de REHABILITACIÓN DE FONTE PÚBLICA TRADICIONAL EN SERRAMO.

44.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de ZAS para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA DE CAPA DE RODAXE NA ESTRADA DE PONTE DO SISTO ATA VILAESTEVEES EN ZAS.

45.-Proxecto básico de execución das edificacións no eido do Dolmen de Dombate.

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

46.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2008. 3ª fase, proxecto: ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 7806 rampla ao Avio (Santiago de Compostela).

(0811300015.0)

47.-Concesión de prórroga de 20 días ao Concello de Cerceda para a remisión da documentación da base 3.1 para os proxectos do Plan de travesías 2008-2011 correspondente ao proxecto: Travesía de Calvario a Pao de Lobo na D.P. 2403 (Cerceda).

48.-Aprobar o Plan de sendas peonís 2008, primeira fase.

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

49.-Proposta de modificación e aprobación das Bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos da provincia da Coruña para creación ou mantemento dos servizos de Normalización Lingüística, anualidades 2009-2011, aprobadas no Pleno ordinario de 12.09.08 e publicadas no BOP núm. 223, do 26.09.08.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

50.-Aprobación do proxecto “Promoción das Enerxías Renovables na provincia da Coruña” no marco do programa “Mecanismo financeiro do Espazo Económico Europeo 2004-2009.”

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 31 DE OUTUBRO DE 2008

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 31 de outubro de 2008, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE EN AUSENCIA DO TITULAR O ILMO. SR.:

DON PABLO VILLAMAR DÍAZ BNG

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DOÑA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DOÑA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG

DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE

A Sra. Vázquez Veras entra comezada a sesión, no punto número 12 e o Sr. Nogueira Fernández, no debate do punto número 13.

Actúa como secretaria accidental, dona María Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, a Sra. Secretaria accidental le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 10/08, DO 26 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 10/08, do 26 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 14.701 Á 16.600, DE 2008.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.701 á 16.600, de 2008.

3.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver os escritos recibidos dos concellos de Abegondo, Arteixo, Betanzos, Malpica, Teo e Valdoviño nos que se comunica que existen dificultades para a

adxudicación das 15 obras, que máis adiante se indican, incluídas todas elas no POS 2008 que se aprobou polo acordo plenario do 29 de febreiro de 2008, cofinanciado polo MAP, préstamo da deputación, fondos propios da deputación e concello.

Considerando que no RD 835/2003 se prevé a posibilidade de que a subvención do MAP alcance ata o 40% ou 50% do presuposto de cada proxecto en función do tipo de obra da que se trate.

Tendo en conta que hai outras 4 obras dos concellos de Arzúa e Ribeira ás que podería aplicarse a subvención do MAP inicialmente prevista para as obras que máis adiante se indican, realizando unicamente axustes de distribución interna do seu financiamento, sen que isto afecte en absoluto aos seus importes totais.

1.- Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do POS 2008, aprobado polo acordo plenario do 29 de febreiro de 2008, cofinanciado entre o MAP, préstamo da deputación, fondos propios da deputación e concello, no sentido seguinte:

Nas obras núm. 1-2 do Concello de Abegondo, 17-18 -20 do Concello de Arteixo, 35 do Concello de Betanzos, 157 do Concello de Malpica, 330-331-332-333 do Concello de Teo e 352-353-354-355 do Concello de Valdoviño, elimínase a subvención do MAP e incrementáse na mesma contía a achega da deputación, fondos propios, sen que isto afecte aos importes totais destas 15 obras.

Concello: Abegondo			
Denominación: Centro Social en Folgoso			
Código: 08.2100.0001.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	7.647,01	0,00	-7.647,01
Deputación préstamo	18.384,46	18.384,46	0,00
Deputación fondos propios	26.706,50	34.353,51	7.647,01
Concello	7.986,80	7.986,80	0,00
TOTAL	60.724,77	60.724,77	0,00

Concello: Abegondo			
Denominación: Centro Social en Vilacoba			
Código: 08.2100.0002.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	8.877,18	0,00	-8.877,18
Deputación préstamo	21.341,97	21.341,97	0,00
Deputación fondos propios	31.002,80	39.879,98	8.877,18
Concello	9.271,64	9.271,64	0,00
TOTAL	70.493,59	70.493,59	-0,00

Concello: Arteixo			
Denominación: Colector e pozo Sta. Rosa Loureda			
Código: 08.2100.0017.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	6.623,55	0,00	-6.623,55
Deputación préstamo	15.923,92	15.923,92	0,00
Deputación fondos propios	23.132,17	29.755,72	6.623,55
Concello	2.404,19	2.404,19	0,00
TOTAL	48.083,83	48.083,83	0,00

Concello: Arteixo			
Denominación: Beirarrúas Barrionovo - Pastoriza			
Código: 08.2100.0018.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	42.454,55	0,00	-42.454,55
Deputación préstamo	102.066,59	102.066,59	0,00
Deputación fondos propios	148.268,86	190.723,41	42.454,55
Concello	15.410,00	15.410,00	0,00
TOTAL	308.200,00	308.200,00	-0,00

Concello: Arteixo			
Denominación: Pavimentación camiño Monte Pequeno			
Código: 08.2100.0020.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	7.061,41	0,00	-7.061,41
Deputación préstamo	16.976,60	16.976,60	0,00
Deputación fondos propios	24.661,37	31.722,78	7.061,41
Concello	2.563,13	2.563,13	0,00
TOTAL	51.262,51	51.262,51	0,00

Concello: Betanzos			
Denominación: Mellora evacuación augas centro urbano de Betanzos			
Código: 08.2100.0035.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	9.761,30	0,00	-9.761,30
Deputación préstamo	23.467,51	23.467,51	0,00
Deputación fondos propios	34.090,51	43.851,81	9.761,30
Concello	3.543,13	3.543,13	0,00
TOTAL	70.862,45	70.862,45	-0,00

Concello: Malpica			
Denominación: Acondicionamento área recreativa Santiso para praza			
Código: 08.2100.0157.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	6.659,07	0,00	-6.659,07
Deputación préstamo	16.009,33	16.009,33	0,00
Deputación fondos propios	23.256,23	29.915,30	6.659,07
Concello	4.075,37	4.075,37	0,00
TOTAL	50.000,00	50.000,00	0,00

Concello: Teo			
Denominación: Acondicionamento pista Milladoiro- Vilar de Cao			
Código: 08.2100.0330.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	8.763,21	0,00	-8.763,21
Deputación préstamo	21.067,96	21.067,96	0,00
Deputación fondos propios	30.604,75	39.367,96	8.763,21
Concello	21.851,95	21.851,95	0,00
TOTAL	82.287,87	82.287,87	0,00

Concello: Teo			
Denominación: R/Rosalía de Castro parque Montouto			
Código: 08.2100.0331.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	13.775,00	0,00	-13.775,00
Deputación préstamo	33.117,00	33.117,00	0,00
Deputación fondos propios	48.108,00	61.883,00	13.775,00
Concello	21.126,16	21.126,16	0,00
TOTAL	116.126,16	116.126,16	0,00

Concello: Teo			
Denominación: Abastecemento e saneamento no Cabo Vilán			
Código: 08.2100.0332.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	25.375,00	0,00	-25.375,00
Deputación préstamo	61.005,00	61.005,00	0,00
Deputación fondos propios	88.620,00	113.995,00	25.375,00
Concello	33.560,07	33.560,07	0,00
TOTAL	208.560,07	208.560,07	0,00

Concello: Teo			
Denominación: Colector en Fixó			
Código: 08.2100.0333.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	2.900,00	0,00	-2.900,00
Deputación préstamo	6.972,00	6.972,00	0,00
Deputación fondos propios	10.128,00	13.028,00	2.900,00
Concello	27.019,74	27.019,74	0,00
TOTAL	47.019,74	47.019,74	0,00

Concello: Valdoviño			
Denominación: Depósito de auga potable Cameleiro			
Código: 08.2100.0352.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	17.225,18	0,00	-17.225,18
Deputación préstamo	41.411,71	41.411,71	0,00
Deputación fondos propios	60.157,46	77.382,64	17.225,18
Concello	15.878,73	15.878,73	0,00
TOTAL	134.673,08	134.673,08	0,00

Concello: Valdoviño			
Denominación: Pistas en Sequeiro-Valdoviño			

Código: 08.2100.0353.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	6.129,13	0,00	-6.129,13
Deputación préstamo	14.735,28	14.735,28	0,00
Deputación fondos propios	21.405,47	27.534,60	6.129,13
Concello	5.650,03	5.650,03	0,00
TOTAL	47.919,91	47.919,91	0,00

Concello: Valdoviño			
Denominación: Pistas e cunetas en Pantín			
Código: 08.2100.0354.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	4.310,89	0,00	-4.310,89
Deputación préstamo	10.363,97	10.363,97	0,00
Deputación fondos propios	15.055,41	19.366,30	4.310,89
Concello	3.973,92	3.973,92	0,00
TOTAL	33.704,19	33.704,19	-0,00

Concello: Valdoviño			
Denominación: Pistas e cunetas en Meirás-Lago			
Código: 08.2100.0355.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	5.453,49	0,00	-5.453,49
Deputación préstamo	13.110,94	13.110,94	0,00
Deputación fondos propios	19.045,85	24.499,34	5.453,49
Concello	5.027,20	5.027,20	0,00
TOTAL	42.637,48	42.637,48	-0,00

Nas obras núm. 22 do Concello de Arzúa, e 291-292-293 do Concello de Ribeira, incrementábase a subvención do MAP e diminúese na mesma medida a achega da deputación, fondos propios, sen que isto afecte aos importes totais destas 4 obras nin do plan no seu conxunto.

Concello: Arzúa			
Denominación: Dotación de servizos contorno feira nova			
Código: 08.2100.0022.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	29.911,69	100.000,00	70.088,31
Deputación préstamo	71.911,82	71.911,82	0,00
Deputación fondos propios	104.463,98	34.375,67	-70.088,31
Concello	14.583,71	14.583,71	0,00
TOTAL	220.871,20	220.871,20	0,00

Concello: Ribeira			
Denominación: Pavimentación e pluviais R/Perú			
Código: 08.2100.0291.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	22.712,68	68.000,00	45.287,32
Deputación préstamo	54.604,40	54.604,40	0,00
Deputación fondos propios	79.322,06	34.034,74	-45.287,32
Concello	14.375,73	14.375,73	0,00
TOTAL	171.014,87	171.014,87	0,00

Concello: Ribeira			
Denominación: Pavimentación, saneamento e auga R/Curros (Castiñeiras)			
Código: 08.2100.0292.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza

MAP	24.153,41	68.000,00	43.846,59
Deputación préstamo	58.068,14	58.068,14	0,00
Deputación fondos propios	84.353,72	40.507,13	-43.846,59
Concello	15.287,63	15.287,63	0,00
TOTAL	181.862,90	181.862,90	-0,00

Concello: Ribeira			
Denominación: Instalación auga potable Balteiro			
Código: 08.2100.0293.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
MAP	15.617,85	29.411,60	13.793,75
Deputación préstamo	37.547,47	37.547,47	0,00
Deputación fondos propios	54.544,01	40.750,26	-13.793,75
Concello	9.885,15	9.885,15	0,00
TOTAL	117.594,48	117.594,48	-0,00

2.-Disponer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.-Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

4.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5.-Unha vez transcorrido o prazo indicado de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación do plan.”

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CAMIÑO A TILLEIRA E OUTROS” DO CONCELLO DE MESÍA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2008. CÓDIGO: 08.2100.0178.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Camiño na Tilleira e outros” (código:08.2100.0178.0) do Concello de Mesía, incluída no POS 2008, cun orzamento de contrata de 55.950,15 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total, nin cambio do obxecto nin da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial dalgúns dos camiños previstos no proxecto orixinal.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
08.2100.0178.0	Mesía	Camiño na Tilleira e outros	26.916,50	18.529,01	7.707,13	2.797,51	55.950,15

5.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CERCEDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012, acordada polo Concello de Cerceda. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 28 de marzo de 2008, ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas, obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

6.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE DODRO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012, acordada polo Concello de Dodro. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 30 de maio de 2008, ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas, obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

7.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE IRIXOA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012, acordada polo Concello de Irixoa. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de marzo de 2008, ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas, obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

8.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MAÑÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga da delegación das competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012, acordada polo Concello de Mañón. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 20 de febreiro de 2008, ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas, obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da provincia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

9.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MELIDE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga da delegación das competencias en materia tributaria por un novo período de 10 anos respecto a todas as materias xa delegadas na actualidade ata o 1 de xaneiro de 2012, acordada polo Concello de Melide.

O exercicio das competencias delegadas, obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial

da provincia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

10.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE TRAZO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga da delegación das competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012, acordada polo Concello de Trazo.

O exercicio das competencias delegadas, obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

11.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONSORCIO DAS MARIÑAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria durante 10 anos máis a partir do remate do período actual de delegación, é dicir, a partir do 1 de xaneiro de 2012, acordada polo Consorcio das Mariñas. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo consorcio desde o día do acordo plenario, o 3 de xuño de 2008, ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas, obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

(Entra no salón a Sra. Vázquez Veras).

12.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 31/08 DE BAIAS POR ANULACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o expediente de baixas por anulación, de conformidade co acordo plenario do 30 de maio de 2008, ao non levarse a cabo o convenio administrativo entre a

Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), a Excm. Deputación Provincial da Coruña, o Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e a Asociación Euroeume para o desenvolvemento dun Plan piloto de mellora da calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume (PDT Eume) e que presenta o seguinte detalle:

Estado de gastos:

0305/751A/628.03: 100.000,00 €. Achega da deputación. Anualidade 2008

Estado de ingresos:

750.04: 65.000,00 €. Achega da Xunta. Anualidade 2008

789.03: 35.000,00 €. Achega de AGADER. Anualidade 2008”

13.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL PARA O EXERCICIO 2009.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, bos días. Esta primeira intervención é unha intervención sobre forma, sobre procedemento, trátase de unir no mesmo debate as ordenanzas fiscais, dos puntos 13 ao punto 19, ambos inclusive, aínda que logo a súa votación se faga de forma individualizada, non sei se hai algún inconveniente.

Sr. Presidente

Non, non hai ningún inconveniente.

Sr. Lagares Pérez

Entón inicio a miña intervención en nome do equipo de goberno.

As ordenanzas fiscais 2009 veñen marcar unha parte da autonomía orzamentaria da deputación, que representan unha contía dun 5,6%, á parte de que aquí se recollen as taxas, os prezos públicos e a recarga provincial do IAE que non ten unha importancia, como dicía, cuantitativa, pero, non obstante, si unha importancia cualitativa.

A nivel cuantitativo salientan as taxas de recadación do Servizo Provincial de Recadación con preto de 4 millóns de euros, e o Boletín Oficial da Provincia arredor de 950.000 euros, todo isto referido ao exercicio 2008, e de cara ao 2009 as variacións que se produzan, como logo veremos, serán por proposta dun 4,2% para aquelas ordenanzas fiscais que sufran variación.

A nivel formal conta con todos os documentos que esixe a lexislación, a memoria da Presidencia, o informe da Sección de Recursos Propios, o informe do interventor xeral, o texto que se propón coa modificación das súas tarifas, o informe técnico que incorpora os estudos económicos de avaliación de custos, e o ditame da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas.

Cales son as modificacións que sofren as ordenanzas fiscais con respecto ao exercicio 2008? Fundamentalmente aquelas que varían tense en conta o incremento do 4,2%, que vén ser o IPC interanual de abril 2007 a abril 2008, e que se aplica nas ordenanzas números 3, 4, 11, 13 e 14.

Con respecto á Ordenanza Fiscal Xeral sofre modificacións de tipo formal con respecto aos artigos 18 a 40, que non significan, indubidablemente a ordenanza fiscal non ten efectos económicos e é unha simple adaptación de tipo técnico.

A Ordenanza fiscal número 2 do BOP, refirome a ela porque faise a adaptación completa do BOP ao formato electrónico. As bases impositivas vanse calcular coas decisións que xa están tomadas nesta institución provincial e que serán gratuítos para as institucións, os anuncios ordinarios e os anuncios urxentes sufrirán o incremento aquí acordado.

A Ordenanza fiscal número 5, entendemos que é unha ordenanza importante de cara aos concellos da provincia, que é de recadación provincial, mantense o 5% en recadación voluntaria e o 75% da recarga en executiva.

(Entra no salón o Sr. Nogueira Fernández).

E a Ordenanza fiscal número 6, do imposto de actividades económicas, da recarga provincial verbo deste imposto de actividades económicas, que hai uns anos sufriu unha variación, que estamos sufrindo aínda no capítulo de ingresos os concellos e as institucións locais, como son as deputacións, os cabidos e os consellos insulares, mantense a recarga no 25%, quere dicir isto que non sofre tampouco ningunha variación.

É desexo deste equipo de goberno chegar a un equilibrio, como así pretende o Texto refundido da lei de facendas locais, de que o custo do servizo sexa equilibrado cos ingresos correspondentes. Non se produce en moitas das ordenanzas fiscais, non se produce, pero hai que ter en conta que a mesma lei di que haberá que ter en conta, no que se refire á xestión, se existen razóns de tipo social, benéfico, cultural ou de interese público, onde se pode ponderar por debaixo do custo do servizo os ingresos do custo que leva este. Refirome neste caso a aspectos desta deputación como son o Conservatorio e a Escola de Danza, os Fogares Infantís do Emilio Romay e de Ferrol, e o Colexio Calvo Sotelo. Todo iso debemos de basealo, indubidablemente, no principio de solidariedade.

E xa nada máis, vou rematar xa, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, coas conclusións sobre as ordenanzas, que se incrementan un 4,2% tendo en conta o IPC interanual, nas ordenanzas citadas, que se manteñen as taxas de recadación, e os prezos públicos, e a recarga provincial do IAE, séguese, definitivamente, chégase ao Boletín Oficial da Provincia electrónico e gratuito, coas especificacións que fixemos ao longo deste debate, e trataremos de continuar co equilibrio entre custos e ingresos, aplicando sempre a cooperación e solidariedade cos cidadáns da nosa provincia. Moitas grazas.

Sr. García Gorostizu

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados. Nesta intervención, estando esencialmente de acordo co dito polo Sr. Lagares, nós compartimos os principios que inspiran as distintas propostas cuxa intervención agrupada xustifica. Creo que é importante unha reflexión ao fio de que dentro da nosa autonomía, a nosa capacidade, de subir ou non subir as taxas, os prezos públicos, a Administración provincial, o equipo de goberno, optou por conxelar, agás nuns supostos moi concretos.

A reflexión que queremos neste punto trasladar desde o Grupo Popular é que estamos vivindo todas as administracións públicas un proceso de transformación desde unha antiga administración burocrática a unha administración por obxectivos, presidida polos principios de legalidade, de eficacia, de eficiencia e de calidade, e precisamente pola lóxica da eficacia e da eficiencia, moitos dos servizos son exteriorizados e, polo tanto, están xestionados por empresas en cuxo contrato si vai levar implícito en gasto corrente un incremento do IPC, e podía resultar moi tentador para o equipo de goberno dicir, xa que moitas de nosas externalidades van estar sometidas a un incremento do IPC, procedamos tamén a incrementar o IPC con carácter xeral no conxunto de ordenanzas, nesa autonomía que o Sr. Lagares dixo pode incidir nun 5,6% do orzamento. Por iso, repito, estamos de acordo cos principios que inspiran, e por saber facer fronte á tentación de imputar ese custo que nos vai supoñer moitas das externalidades en gasto corrente e que, porén, nesta proposta que votaremos individualmente, se circunscriben á modificación do Boletín Oficial da Provincia, que como dixo, non hai ningunha dúbida do voto do Partido Popular, a tres taxas máis, a 3, a 4, a 11 e a dúas reguladoras de prezos públicos.

Sobre a 3 e a 4 imos votar favorablemente e sobre os prezos públicos tamén. E polos mesmos principios que el dixo de solidariedade, imos manter a nosa abstención no punto 17 que garda relación á modificación da Ordenanza fiscal número 11. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Lagares Pérez

Moi brevemente, grazas, Sr. Presidente, agradecer o voto afirmativo do Partido Popular e, evidentemente, lamentamos que a Ordenanza fiscal número 11 de taxa de servizos en establecementos provinciais de servizos sociais, concretamente o Emilio

Romay e o Fogar Infantil de Ferrol, que non sexa o seu voto afirmativo. Digo que nos baseamos sempre no principio de solidariedade, eu doulle un dato simplemente, dicirlle que tendo en conta a previsión do custo e o financiamento de ingresos, significa só un 7,51% con respecto ao Fogar Emilio Romay, e aínda máis baixo, o 4,10 no Fogar Infantil de Ferrol, quere dicir isto que indubidablemente si hai unha aplicación de solidariedade nestes dous Fogares e, repito, agradecer o seu voto e lamentar a abstención neste punto. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para as distintas ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da validación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo).
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar as modificacións da *Ordenanza Fiscal Xeral* (artigos 18 e 40) de acordo co texto que figura no expediente.

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso, os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 de 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º) Unha vez aprobadas definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da Ordenanza Fiscal Xeral .

4º.- A Ordenanza Fiscal Xeral comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra elas e unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo: a partir do 1 de xaneiro de 2009.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas, así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

14.-ORDENANZA FISCAL NÚM. 2 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Esta Comisión adoptou o seguinte acordo, unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 2, reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal núm. 2, co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da validación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da *Ordenanza Fiscal nº 2* “Reguladora da taxa polo servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia”, de acordo co texto que figura no expediente.

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso, os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei

7/85 de 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º.- Segundo o artigo 17.3 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, finalizado o período de exposición pública adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se presentaran e aprobarase a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentaran reclamacións entenderase definitivamente aprobado o texto da ordenanza, sen necesidade dun novo acordo plenario.

4º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederáse á publicación do texto íntegro da ordenanza fiscal no Boletín oficial da Provincia.

5º.- A Ordenanza fiscal nº 2 “Reguladora da taxa do servizo de publicación do Boletín Oficial da Provincia” entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir da entrada en funcionamento do boletín electrónico, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa, nos termos establecidos na Disposición transitoria única, na Disposición derogatoria e na Disposición final do seu texto.”

15.-ORDENANZA FISCAL NÚM. 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS, ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME PARA O EXERCICIO 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da validación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da *Ordenanza Fiscal nº 3* reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame (artigo 6) de acordo co texto que figura no expediente.

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso, os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 de 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º) Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal número 3.

4º.- A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo: a partir do 1 de xaneiro de 2009.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

16.-ORDENANZA FISCAL NÚM. 4 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO DE SABÓN PARA O EXERCICIO 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.

- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da validación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da *Ordenanza Fiscal nº 4* reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón (artigo 6) de acordo co texto que figura no expediente.

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º) Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal número 4.

4º.- A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo: a partir do 1 de xaneiro de 2009.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas, así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

17.-ORDENANZA FISCAL NÚM. 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABELECIMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O EXERCICIO 2009.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (11 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da validación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da *Ordenanza Fiscal nº 11* reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais (artigo 5) de acordo co texto que figura no expediente.

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso, os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85, do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º) Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal número 11.

4º.- A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo: a partir do 1 de xaneiro de 2009.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas, así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

18.-ORDENANZA NÚM. 13 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA PARA O EXERCICIO 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para as distintas ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da validación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da *Ordenanza n° 13* reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva (artigo 4.2) de acordo co texto que figura no expediente.

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso, os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85, de 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º) Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da modificación da ordenanza número 13.

4º.- A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo: a partir do 1 de xaneiro de 2009.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas, así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

19.-ORDENANZA NÚM. 14 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN PARA O EXERCICIO 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para as distintas ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da validación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da *Ordenanza nº 14* reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán (artigo 4.2) de acordo co texto que figura no expediente.

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso, os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os

artigos 49.b) da Lei 7/85, do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º) Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da modificación da ordenanza número 14.

4º.- A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela, e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo: a partir do 1 de xaneiro de 2009.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

20.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2/08 E MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 48ª DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2008 DE APROBACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente. Este expediente que sometemos a consideración hoxe deste Pleno ten unha contía de algo máis de 15 millóns de euros e o seu financiamento procede nun 93,43% do remanente de tesourería de financiamento xeral, e o resto, un 6,56% de baixas do crédito por anulacións.

Con respecto ao capítulo de gastos, dicir que un 92,31%, é dicir, de cada 100 euros, 92,31, van dirixidos a concellos e a institucións a través de transferencias correntes, transferencias de capital, ou ben investimentos propios. Non podemos esquecer tamén unha partida que representa o 6,66, de gastos de persoal.

Cales son as características, digamos, políticas, deste expediente? En primeiro lugar complétase o Plan de campos de herba artificial, coa inclusión dos campos de Mesía, Mugardos e O Pino, e faise ao tempo un complemento dos anteriores campos de fútbol coa iluminación e outros elementos adicionais, como son bancadas, vestiarios, etc. A segunda característica é que se atenden a distintos temas de Administración xeral, é aquí onde vai o capítulo relativo a gasto corrente, o capítulo II, que só significa

o 1,01% deste expediente de modificación de créditos e que leva como obxectivo a compensación do IAE e unha pequena partida para conservación de depuradoras.

Continuamos cos programas de seguridade viaria, a través do complemento de sendas peonís; ampliáanse os programas de servizos sociais, como son a eliminación de barreiras arquitectónicas e o programa de envellecemento activo que, a través da convocatoria e das súas bases correspondentes, publicarase no BOP para que os concellos poidan chegar a elas.

Seguimos apostando polo medio natural nunha operación piloto de enerxías renovables que recibiremos no momento oportuno unha achega da Unión Europea, e que abranguerá esta operación piloto, as comarcas de Arzúa, Betanzos e Melide.

Tamén se complementa o Plan de piscinas climatizadas, en dous eixes próximos a unha das áreas metropolitanas importantes, en torno á cidade de Santiago, concretamente con dous eixes en Brión-Rois e Negreira-A Baña. Ao tempo aténdense subvencións singulares difíciles de encaixar noutros programas ou plans desta institución provincial, a maior parte dirixida a concellos. Cúmprese, como non, a Lei de estabilidade orzamentaria e, como dicía antes, supleméntase o capítulo I, o capítulo de persoal, cun millón de euros para atender distintos gastos neste apartado.

Este expediente, unha cantidade próxima aos 14 millóns de euros, dicía antes o 92,31, van destinados a infraestruturas, investimentos, a lograr unha mellor calidade de vida dos nosos cidadáns da provincia, tratando sempre a súa inspiración na cooperación, na obxectividade e na solidariedade. E non lle vou relatar aquí a cantidade que vai levar cada apartado. Si creo que é importante, que teñen as Sras. e os Sres. deputados unha documentación nos diagramas de barras, e diagramas circulares, onde se ve claramente cal é o espírito, a filosofía, deste expediente de modificación de créditos, que é un expediente exterior, que é un expediente que busca, como digo, ofertar tamén máis obra pública nestes momentos que estamos atravesando de crise a nivel internacional, esta crise global que, indubidablemente, repercute tamén na nosa provincia, en Galicia e en España.

Dicir que os investimentos propios, as sendas peonís levan 1.300.000 euros; o proxecto de enerxías renovables preto de 2 millóns de euros, e xa no capítulo de transferencias salientar o Plan de accesibilidade por 900.000 euros, os campos de herba artificial, o complemento, con algo máis de 1 millón, as piscinas climatizadas, 2 millóns de euros, o programa de envellecemento activo 500.000, a achega a distintos concellos para investimentos singulares algo máis de 4 millóns, un investimento importante na Universidade de Santiago, isto non é concello, evidentemente, para a construción dun auditorio, e o Plan de iluminación de campos de herba artificial e outros investimentos con 1.600.000 euros.

Xa resumindo, xa remato a miña primeira intervención, dicir que se trata dun expediente que busca iso, a mellora da calidade de vida, busca ofertar nova obra

pública para as pequenas e medianas empresas que neste momento están nunha situación, todos sabemos que preocupante, e polo cal solicito o voto favorable ao Grupo do Partido Popular en nome do equipo de goberno. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Moi bos días a todos e a todas, e moi brevemente sobre este punto concreto, porque xa a explicación polo miúdo acábaa de dar, efectivamente, o voceiro do PSOE e presidente da Comisión de Economía. Polo tanto, eu simplemente cinguirme a que se observamos esta documentación que se nos acaba de entregar a todos e a todas, poderemos ver cales son os eixes fundamentais do traballo feito ao longo destes meses, quere dicir despois de terminar o primeiro modificado, por parte do equipo de goberno, pero tamén enriquecido coas achegas do grupo da oposición, polo tanto, do Partido Popular.

Un traballo que vén resultar, e vén concluír neste expediente de modificación de créditos, onde os dous grupos que sosteñen o goberno desta deputación e, insisto, as achegas tamén da oposición, veñen remarcar o carácter, e isto dígoo no amplo sentido da palabra, o carácter social deste expediente de modificación de créditos, social, volvo insistir, no seu amplo sentido da palabra, porque se observamos o apartado, os capítulos VI e VII, fundamentalmente, os apartados de investimentos propios e de transferencias de capital, non podemos cualificar doutra maneira os investimentos e as transferencias, non podemos cualificalos doutra maneira que non sexa, efectivamente, investimentos sociais, sociais porque atenden, fundamentalmente, cuestións precisamente de benestar social, de servizos sociais, e facendo unha aposta, outra vez, porque evidentemente non é a primeira vez, senón que é unha liña deste equipo de goberno ao longo xa deste actual mandato, unha aposta polas, neste caso, partidas para servizos sociais, nos programas concretos de envellecemento activo e un novo programa de accesibilidade que xa noutros momentos se realizou tamén nesta institución, de eliminación de barreiras arquitectónicas, que favorecerá, evidentemente, a que moitos concellos poidan contribuír á accesibilidade de todos e todas as cidadás da nosa provincia.

Outro apartado, tamén amplamente social, onde evidentemente se destina unha importante cantidade a complementar plans, neste caso de deportes, como pode ser o Plan de piscinas climatizadas en catro concellos da nosa provincia importantes pola súa situación, e no seu conxunto pola poboación que reúnen e pola que teñen arredor. Na mesma liña, a complementación do Plan de campos de herba artificial e tamén a de Plans de iluminación de campos de herba artificial e outros complementos, que viña sendo unha demanda como todos e todas sabemos, tamén insistente dos nosos grupos municipais, estiveran, ou estean, perdón, na oposición, ou nos gobernos municipais, porque unha vez feitos os campos, evidentemente, hai que dotalos. E finalmente, tamén, sociais, pola contemplación, digamos, de investimentos tamén propios, na promoción de enerxías renovables, unha aposta, como dixo xa o Sr. Lagares, unha aposta, de momento aínda humilde, no que se refire á participación económica, pero

que se ampliará no futuro, unha aposta tamén decidida polas enerxías renovables e, polo tanto, tamén pola mellora da calidade de vida dos cidadáns da provincia e unha aposta tamén pola ampliación no tema de estradas, no tema da rede viaria local.

En definitiva, e para resumir outra vez o que foi, insisto, todo o traballo ata o de hoxe, que se presenta aquí un modificado, un expediente de modificación de créditos onde se contemplan achegas para os distintos concellos da nosa provincia, por máis de catro millóns de euros, que se o analizamos polo miúdo vemos como eses 4.359.000 euros van, afortunadamente, a favorecer en cada un deses concellos, realmente necesidades que eles mesmos, eses concellos, nos solicitaron moitas veces e que, polo tanto, van contribuír, unha vez que se efectiven, van contribuír a mellorar, evidentemente, tamén, a prestación de servizos desde os concellos.

Polo tanto, felicitaros ao propio grupo de goberno e, en todo caso, volvo insistir, a colaboración tamén do grupo da oposición, por ter nestes momentos, efectivamente, onde quizais para os orzamentos de 2009 o vexamos aínda máis claro pero onde aquí xa estamos facendo unha contribución importantísima, efectivamente, ao facer un modificado de crédito baseado no investimento social pero tamén na promoción de obra pública, que van ser tamén liñas fundamentais nos orzamentos de 2009, aquí xa nos estamos adiantando e, polo tanto, felicitaros porque xa estamos, digamos, na liña que todos sabemos que temos que estar nestes tempos difíciles e que se adianta xa o que serán os propios orzamentos de 2009 desta institución provincial.

Grazas, Sr. Presidente.

Sr. García Gorostizu

Grazas, Sr. Presidente. A pasada Comisión de Economía e Facenda, onde quedou ditaminada esta proposta de modificación de crédito e de modificación da base 48, o noso grupo abstívose pero si deixou expresamente claro dous aspectos sobre os cales vai gardar relación esta intervención: a existencia dunha coincidencia sobre os principios que inspiran este, e o compromiso dun estudo rigoroso dos seus contidos para valoralos en si mesmos e tamén en relación coa xustificación da súa oportunidade política a estas alturas do exercicio orzamentario.

Moi brevemente. Primeiro, díxoo o voceiro do Grupo Socialista, o Sr. Lagares. Están elaborados desde a máis estrita ortodoxia orzamentaria, e é certo, cúmprese o principio de estabilidade orzamentaria como pon de reflexo o informe da Intervención Xeral, están financiados un 93% do seu importe con cargo ao remanente de tesourería, con cargo ao aforro da propia deputación, aos seus recursos propios incondicionados, ou ao superávit de exercicios anteriores, e ese restante 7% a cargo das lóxicas baixas orzamentarias.

E con relación ao segundo principio inspirador, pois estamos totalmente de acordo, co contido exposto desde magnitudes económicas polo Sr. Lagares, como pola

dimensión social que poden ter os mesmos que expuxo a voceira do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, ao que agradezo a mención que fixo ás achegas do noso grupo no seu contido. Estamos falando, non xa en termos de que 90 euros de cada 100 están destinados a investimentos, investimentos propios para concellos, transferencias de capital e subvencións a concellos a través da modificación da Base 48.

Polo tanto, é moi difícil desde estas dúas cuestións que esta abstención non se vaia decantando para un voto positivo do expediente. Pero dixemos que nos comprometeríamos a estudar, a ver a análise da viabilidade da súa execución orzamentaria. E aquí dúas reflexións. A primeira, sendo realistas, quedáanos moi pouca marxe temporal, unha vez que remate o procedemento para que estes estean aprobados definitivamente, en que eles se poderán executar. E en segunda cuestión, unha consideración á modificación da Base de execución 48. Marxe temporal, pois cremos que vai ser decembro o mes hábil que nos queda para poder executar, para poder acadar o maior nivel de execución destes, e con realismo. Pódese avanzar, pero con realismo, en materia do conxunto de programas descritos, de investimentos propios para concellos e transferencias de capital, pouco se vai poder executar.

Pero si quero facer dúas precisións ao fío de 1.926.932 euros que se recolle para iniciar, iniciar quere dicir que esperamos todos os grupos que teñamos continuidade en próximos exercicios orzamentarios o proxecto de promoción de enerxías renovables. Estes 1.926.000, como dixo o Sr. Lagares, xa ten garantido para o 2009 unha subvención da Unión Europea de 1.200.000, pero dado a imperiosa necesidade que as Administracións públicas van ter que percorrer no camiño do aforro enerxético, dado da propia conciencia, da eficiencia que os servizos públicos van ter, e dado que se debe implementar este conxunto de plans pilotos á totalidade de municipios do concello, cremos que é unha das materias nas que se debe profundar en próximos exercicios.

E a segunda precisión, que si ten importancia, e aí é onde, evidentemente, lle reiteramos a gratitude á voceira do Grupo do Bloque Nacionalista, as peticións que se viñeron facendo e que están plasmadas neste Plan de iluminación e complemento de campos de herba artificial, porque se ben dixemos antes que queda pouca marxe temporal para a súa execución, si é certo que en momento de incerteza política e de crise é unha garantía que xa saibamos que estes orzamentos van quedar incorporados a través do que a autoridade e a experiencia do Sr. Lagares chama orzamentos de resaca do 2009. En que fase se van incorporar?, non o sabemos, desexamos e esperamos que sexa na máis avanzada posible, pero si o que hoxe os aprobemos, a pesar de que saibamos e sexamos conscientes de que a marxe que nos vai quedar é decembro, despéxanse incertezas que a situación de crise podería comportar a estes propios programas.

Polo tanto, garantimos, practicamente, e vou terminando, sobre sete millóns de euros en programas importantes para concellos nestes orzamentos de resaca, termo, que como o Sr. Lagares sabe, acuñado por el, sobrepasou pola súa autoridade e experiencia as paredes desta deputación e é utilizada, segundo me informan, noutras deputacións

provinciais.

Pero o segundo asunto, e moi brevemente, subvencións contidas na modificación da Base 48, é certo que ascenden a 7.143.000, pero un 87% do seu importe van destinados, como aquí se dixo, a 35 concellos, e algo moi importante, ao noso entender, que se subvenciona, polo menos de forma importante, e por primeira vez, a un consorcio, que é un modelo de organización supramunicipal de carácter voluntario no que o noso partido e o noso Grupo na deputación cre e defende a súa coordinación coa propia institución provincial para acometer, como este voceiro xa anunciou, ou enunciou no anterior debate de orzamentos, programas importantes, por exemplo, en materia de transporte metropolitano.

Polo tanto, cremos que existindo un consenso dos tres grupos políticos, e desde a eficacia e profesionalidade das funcionarias e funcionarios dos servizos da deputación e sobre a base do traballo xa realizado ata a data, o que si queremos é que quede garantido neste mes de decembro, que queden aprobados os convenios entre a deputación e os concellos que sexan precisos formalizar para estas subvencións nominativas a eles, e que se publiquen as resolucións presidenciais naqueles supostos en que tales convenios non sexan necesarios.

Polo tanto, non sei se fomos fieis ao compromiso asumido na Comisión, pero si dúas ideas, e remato, garantimos cos mesmos 7 millóns de euros en programas importantes, despexando calquera incerteza sobre a súa viabilidade futura, e que estamos en condicións, Sras. e Sres. Deputados, co esforzo dos servizos desta deputación e a súa profesionalidade, de garantir que estes convenios cos concellos, estes case sete millóns en subvencións de modificación da Base 48, si se poidan executar neste mes de decembro. E dito o anterior, manifestar o voto favorable á proposta que se trae a este Pleno. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Grazas ao voceiro do Grupo Popular e aos seus compoñentes por este voto afirmativo, indubidablemente, como manifestou a miña compañeira do equipo de goberno isto non se fai soamente con dous grupos, senón que hai unha participación, digamos, directa ou indirecta, de todos os grupos desta cámara e que consideramos que é un exemplo a seguir e algo moi importante.

Coincido coas dúas intervencións practicamente no cen por cento. Dicur que o proxecto de enerxías renovables ao que se refería o Sr. Gorostizu trátase dunha operación piloto que esperemos que continúe, concretamente son placas solares que se van aplicar en 19 concellos e que esperemos logo estender a máis concellos de provincia, chegando a iso, a un aforro enerxético, non soamente a través de enerxías renovables, senón a través dunha auditoría que, como saben todos vostedes, se está facendo desde esta institución provincial e que nos servirá como referencia para que os concellos fagan aforro e gasten mellor.

Outro aspecto que fala da Base 48 e da achega concreta ao Consorcio das Mariñas. Este equipo de goberno, e vexo que o Grupo Popular se une, aposta polos consorcios, aí temos o Consorcio Provincial de Bombeiros, que leva unha andadura favorable con todos eses pequenos atrancos que, indubidablemente, se atopan no camiño, pero que podemos valorar como favorable, e con respecto ao Consorcio das Mariñas iníciase, digamos, unha pequena andadura. Di un proverbio indio que unha longa camiñada empeza por un paso, hoxe demos un paso importante, que todos os grupos desta cámara valoremos favorablemente este expediente número dous. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidad, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta Comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/08 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 15.010.974,88 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios.....	4.917.632,00
SC. Suplementos de crédito.....	10.093.342,88

Total de aumentos:..... 15.010.974,88

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

BA. Baixas por anulación.....	986.000,00
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais.....	14.024.974,88

Total financiamento:..... 15.010.974,88

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

B.1 **Resumo por capítulos do Estado de Gastos**
Resumo por capítulos do Estado Ingresos

B.2

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	1.000.000,00	
2. Gastos correntes	151.700,00	
3. Gastos financeiros	0,00	
4. Transferencias correntes	770.000,00	
6. Investimentos reais	3.725.234,00	986.000,00
7. Transferencias de capital	9.364.040,88	
8. Activos financeiros	0,00	
9. Pasivos financeiros	0,00	
TOTAL MODIFICACIÓNS	15.010.974,88	986.000,00

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	14.024.974,88
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	14.024.974,88

2º.- Modificación da Base 48ª de execución do Orzamento provincial.

2º-1 Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2008, as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANº
0202/313M/628.00	Asoc. AVAN	Adquisición vehículo adaptado	44.544,00	44.544,00	100,00
0202/432D/762.01	Concello de Abegondo	Adquisición mobiliario salón de plenos	28.440,88	28.440,88	100,00

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINANº
0202/432D/762.01	Concello de Vilasantar	Arranxo locais sociais	40.000,00	40.000,00	100,00
0202/432D/762.01	Concello de Outes	Obras na casa do concello	100.000,00	1.159.973,68	8,62
0202/432D/762.01	Concello de Dodro	Rehabilitación inmoble Laíño	180.000,00	216.000,00	83,33
0202/432E/762.01	Concello de Ames	Peonalización da rúa travesa no Milladoiro	200.000,00	358.375,48	55,81
0202/432E/762.01	Concello de Vimianzo	Fonte Serramo	55.000,00	59.253,21	92,82
0202/432D/762.01	Concello de San Sadurniño	Acondicionamento no local social de Bardaos	130.530,00	150.000,00	87,02
0202/432E/762.01	Concello de San Sadurniño	Obras no campo da festa entorno centro social de Lamas	69.470,00	79.835,79	87,02
0202/452A/762.01	Concellos Brión -Rois	Piscina climatizada	1.000.000,00	1.497.325,79	66,79
0202/452A/762.01	Concellos da Baña-Negreira	Piscina climatizada	1.000.000,00	1.000.000,00	100,00
0202/452A/762.01	Concello de Ames	Construción dun campo de fútbol no Milladoiro	200.000,00	389.801,47	51,31
0202/452A/762.01	Concello de Irixoa	Obras pavillón municipal	60.000,00	82.010,26	73,16
0202/452A/762.01	Concello de Boimorto	Obras campo de fútbol e equipamento	38.785,00	43.923,26	88,30
0202/432D/762.01	Concello de Boimorto	Punto de atención a infancia	26.448,00	29.951,10	88,30
0202/511D/762.01	Concello de Boimorto	Adquisición dun camión municipal e sinalización núcleos	84.767,00	95.998,47	88,30
0202/452A/762.01	Concello de Arteixo	Pistas polideportivo e atletismo	400.000,00	876.554,00	45,63
0202/452H/762.01	Concello do Pino	Campo de fútbol de herba artificial	340.000,00	400.000,00	85,00

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINANº
0202/452H/762.01	Concello de Mesía	Campo de fútbol de herba artificial	340.000,00	409.848,51	82,96
0202/452H/762.01	Concello de Mugardos	Campo de fútbol de herba artificial	340.000,00	400.446,94	84,91
0202/452I/762.01	Concello de Arzúa	Obras no campo de fútbol 1ª fase	300.000,00	332.895,25	90,12
0202/452I/762.01	Concello de Lousame	Obras no campo de fútbol	42.000,00	52.000,00	80,77
0202/454B/762.01	Concello de Malpica	Merca de dous muíños	86.000,00	115.200,00	74,65
0202/511C/762.01	Concello de Zas	Mellora estradas	200.000,00	200.000,00	100,00
0202/511D/762.01	Concello de Cabanas	Adquisición maquinas limpadoras	85.000,00	105.000,00	80,95
0202/511D/762.01	Concello de Cerdido	Adquisición camión do lixo	100.000,00	125.000,00	80,00
0202/511D/762.01	Concello de Coirós	Adquisición desmalezadora	63.000,00	79.000,00	79,75
0202/511D/762.01	Concello de Carnota	Adquisición tractor e outros	114.000,00	114.00,00	100,00
0202/511D/762.01	Concello de Curtis	Adquisición máquina retrocargadora	100.000,00	122.960,00	81,33
0202/511D/762.01	Concello de Dodro	Adquisición vehículo brigada municipal	28.000,00	28.000,00	100,00
0202/511D/762.01	Concello de Oroso	Adquisición varredora hidroestática	73.600,00	92.800,00	79,31
0202/511D/762.01	Concello de Padrón	Adquisición varredora de rúas	96.000,00	108.639,80	88,37
0202/511D/762.01	Concello de Pontedeume	Adquisición varredora	82.000,00	108.000,00	75,93
0202/511D/762.01	Concello de Vedra	Adquisición tractor multiusos	100.000,00	127.356,40	78,52

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINANº
0202/511D/762.01	Concello das Pontes	Adquisición maquinaria obras	110.000,00	110.000,00	100,00
0202/511D/762.01	Concello de Toques	Adquisición vehículo todoterreo	26.000,00	26.995,00	96,31
0305/432D/789.01	Unión Xeral traballadores	Arranxo edificio "As Chaconeiras"	30.000,00	39.500,00	75,95
0305/442B/767.01	Consortio das Mariñas	Obras de reforma e equipamento	150.000,00	187.500,00	80,00
0305/451L/489.01	Fundación para o estudo e a divulgación de cuestión social e sindical en Galiza FESGA	Estudo situación socio-económica comarcas Arzúa e Terra de Melide	30.000,00	37.500,00	80,00
0305/521A/489.01	Asoc. de Emisoras Municipais Galegas EMUGA	Achega 2008 Convenio emisoras locais	30.000,00	37.500,00	80,00
0305/751A/762.01	Concello da Laracha	Electrificación Reitoral de Golmar	50.000,00	50.000,00	100,00
0601/451F/789.01	Universidade de Santiago de Compostela	Auditorio universidade Santiago de Compostela	400.000,00	809.346,00	49,42
0601/451H/462.01	Concello de Muxía	Actividades culturais	40.000,00	130.991,00	30,54
0701/313K/462.01	Concello de Carballo	Posta en marcha de novos proxectos na área de servizos sociais	16.000,00	16.000,00	100,00
0701/313M/789.01	Asoc. Aspanaes (Pais de persoas con trastorno do espectro autista da Coruña)	Para obras de rehabilitación dun edificio para centro de día en Santiago.	120.000,00	442.431,78	27,12
0701/313M/789.01	Asoc. Amipa	Equipamento centro ocupacional construído en Sorbías, concello de Rois.	65.000,00	150.500,00	43,19
0701/313M/789.01	Asociación Cogami	Equipamento de aulas de formación e rehabilitación nos locais do centro A Milagrosa da Coruña	59.000,00	74.412,64	79,29
TOTAL			7.273.584,88		

0202/442A/489.01	ADEGA *(1)	Program.piloto reduc.produc.residuos urbanos en orixe e a mellora da recollida selectiva	45.000,00	100.000,00	45,00
------------------	------------	--	-----------	------------	-------

*(1) Non aumenta o importe total das subvencións pola modificación do convenio con SOGAMA.

2º-2 Modificar as subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINANC.
0202/442A/454.01	Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) *(2)	Program.piloto reduc.produc.residuos urbanos en orixe e a mellora da recollida selectiva	55.000,00	100.000,00	55,00

* (2) Modifícase o importe

2º-3 . Deixar sen efecto a seguinte subvención nominativa, por modificación do beneficiario:

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINANº
0104/330B/489.01	Axencia Española de Cooperación Internacional (Aeci)	Implementación de dous centros de acumulación para as barcas de pescadores da zona norte e sur da provincia Manabí-Ecuador	29.200,00		
0104/330B/789.01	Axencia Española de Cooperación Internacional (Aeci)	Implementación de dous centros de acumulación para as barcas de pescadores da zona norte e sur da provincia Manabí-Ecuador	100.800,00		

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

21.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as bases reguladoras do Plan especial de parques infantís 2009, cuxo texto figura máis adiante.

2º) Condicionar a aprobación definitiva das bases reguladoras deste plan á entrada en vigor do presuposto provincial para o exercicio 2009, no que se inclúe crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

3º) Dispoñer a exposición pública das bases deste plan, mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas, podéndose proseguir as actuacións, unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presentase ningunha.

4º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

BASES REGULADORAS DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan especial de parques infantís 2009 é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2009, que se financia cunha achega provincial, na anualidade 2009, por importe de 900.000,00 euros e máis polas achegas municipais dos concellos que é preciso realizar para completar o financiamento dos investimentos.

A deputación vai consignar, no presuposto provincial para o exercicio 2009, a cantidade de 900.000,00 € para o financiamento deste plan, e polo tanto, a súa aprobación definitiva non se poderá realizar ata a entrada en vigor do presuposto provincial desta anualidade, no que se inclúe crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento, non xerando, mentres tanto, dereito ningún para os concellos solicitantes.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste plan é a de cooperar cos concellos da provincia, con poboación inferior ós 20.000 habitantes, na realización dos investimentos necesarios para a mellora e reforma dos parques infantís municipais xa existentes, coa finalidade

de adecualos ás esixencias do Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís (DOG nº 89, do 9 de maio de 2003).

Por iso, o obxecto deste plan concrétase na realización de todas a actuacións precisas para adaptar os parques infantís municipais á citada norma, co obxectivo de que no seu conxunto cada un dos parques cumpra na súa totalidade a normativa vixente aplicable.

2.1.- Tipos de actuacións:

Os concellos poderán solicitar calquera dos seguintes tipos de actuacións:

- Instalación de materiais brandos nas superficies sobre as que poidan caer os menores, no uso dos elementos de xogo, que permitan a adecuada absorción de impactos e amortezan os golpes, para que se cumpra a norma UNE-EN 1177.
- Instalación, reparación ou substitución de elementos de separación das superficies de xogo, por medios naturais ou artificiais, para que queden debidamente acoutadas de forma segura e separadas do tráfico rodado.
- Adaptación dos parques, para que sexan accesibles e poidan ser utilizados por menores discapacitados.
- Instalación, reparación ou substitución de cerrados, papeleiras, asentos e outros elementos auxiliares para que cumpran coas normas específicas.
- Instalación, reparación ou substitución de fontes e xogos de auga que dispoñan sempre de auga potable.
- Instalación, reparación ou substitución de paneis informativos con indicacións sobre o teléfono público e centros sanitarios máis próximos, números de teléfono de urxencias e do servizo de mantemento do parque, prohibición de acceso de animais e de limitación do uso de bicicletas, patíns ou similares, recomendacións do uso dos xogos por tramos de idade, etc.

Nestes paneis informativos deberá figurar que a reforma do parque infantil foi financiada pola Deputación Provincial da Coruña, xunto co seu logotipo, sen prexuízo de que tamén figuren os datos do concello.

- Instalación, reparación ou substitución de elementos de xogo como bambáns, esvaradoiros, balancíns, carruseis, tirolinas, etc., para que cumpran a norma específica aplicable que para os novos xogos é a norma UNE-EN 1176 .
- Outras actuacións nos parques infantís existentes para a súa adaptación á normativa vixente.

2.2.- Requisitos das actuacións

Os concellos que soliciten a execución das actuacións deste plan deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Os parques infantís nos que se vaian realizar as actuacións de mellora, deberán ser de titularidade municipal e existir xa como parques infantís.

Non se poderá solicitar a realización de novos parques, pero si se poderá pedir o cambio de emprazamento dalgún parque xa existente, cando sexa preciso por razóns de seguridade ou accesibilidade e así se xustifique na memoria que debe presentarse coa solicitude, sen que se poida solicitar o financiamento provincial para a adquisición do novo terreo.

- Cada concello poderá solicitar a realización de actuacións de mellora en un ou varios parques infantís municipais, presentando un só proxecto para todos eles, que deberá redactarse conforme ao establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, do sector público.

- As obras deberán ser completas, no sentido de seren susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constituír unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e así se fará constar na memoria do proxecto.

- A denominación das obras incluídas en cada proxecto deberá identificar claramente as actuacións a realizar.

- A achega provincial destinarase exclusivamente ó financiamento da execución da obra definida no proxecto técnico correspondente.

- A achega da deputación para o financiamento de cada proxecto será dun 85% do presuposto, ata un máximo de 60.000,00 euros por concello, e a achega municipal mínima será do 15% do presuposto.

- O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos, para a súa inclusión no plan, fixase na cantidade de 50.000,00 euros para as obras e 18.000,00 euros para as subministracións.

- O concello deberá acreditar que, para cada unha das actuacións, conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras e que conta coas autorizacións e concesións administrativas necesarias para a súa execución.

3. DESTINATARIOS

Poderán participar neste plan os 83 concellos da provincia da Coruña, cunha poboación de menos de 20.000 habitantes, que son os seguintes:

Abegondo	Fene	O Pino
Aranga	Fisterra	A Pobra do Caramiñal
Ares	Frades	Ponteceso
Arzúa	Irixoa	Pontedeume
A Baña	Laxe	As Pontes de García Rodríguez
Bergondo	A Laracha	Porto do Son
Betanzos	Lousame	Rianxo
Boimorto	Malpica de Bergantiños	Rois
Boiro	Mañón	Sada
Boqueixón	Mazaricos	San Sadurniño
Brión	Melide	Santa Comba
Cabana de Bergantiños	Mesía	Santiso
Cabanas	Miño	Sobrado
Camariñas	Moeche	As Somozas
A Capela	Monfero	Teo
Carnota	Mugardos	Toques
Carral	Muxía	Tordoia
Cedeira	Muros	Touro
Cee	Neda	Trazo
Cerceda	Negreira	Valdoviño
Cerdido	Noia	Val do Dubra
Cesuras	Ordes	Vedra
Coirós	Oroso	Vilasantar
Corcubión	Ortigueira	Vilarmaior
Coristanco	Outes	Vimianzo
Curtis	Oza dos Ríos	Zas
Dodro	Paderne	Cariño
Dumbría	Padrón	

4. FINANCIAMENTO

Para o financiamento deste plan para o exercicio 2009, a deputación destina unha achega provincial total por importe de 900.000,00 euros. Non obstante, esta cifra poderá ser incrementada á vista das solicitudes presentadas, e tendo en conta as posibilidades orzamentarias desta deputación.

A aprobación definitiva do plan non se poderá realizar ata a entrada en vigor do presuposto provincial da anualidade 2009, no que se inclúa crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento, non xerando, mentres tanto, dereito ningún para os concellos solicitantes.

A achega da deputación para o financiamento de cada proxecto será dun 85% do seu presuposto, até un máximo de 60.000,00 euros por concello, e a achega municipal mínima será dun 15% do presuposto.

Non obstante, os concellos poderán voluntariamente incrementar o importe da súa achega, cando sexa preciso para completar o presuposto total do proxecto técnico da obra que solicite.

Os concellos deberán detallar para cada investimento a parte que financia a deputación e a que financia o concello.

O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos fíxase na cantidade de 50.000,00 euros para as obras e 18.000,00 euros para as subministracións.

5. FORMA E PRAZO DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ate o día 31 DE XANEIRO DE 2009 inclusive, a seguinte documentación:

5.1.- Certificación do acordo plenario municipal

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, de conformidade co modelo que figura como anexo I, no que se acepten expresamente estas bases e se preste aprobación ao proxecto técnico das obras, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal, cumprindo as porcentaxes que se sinalan na base 4.

No mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal á obra, e farase constar expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para a súa execución e coas autorizacións ou concesións administrativas que sexan precisas.

Neste acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, deberá facilitar o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, neste acordo autorizarase á deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.2.- Proxecto técnico

Cada concello deberá presentar un só proxecto técnico no que se recollan actuacións de mellora en un ou varios parques infantís municipais, que deberá redactarse conforme ao establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. No caso de incluírense obras en distintos parques, deberán incluírse presupostos parciais e planos para cada un deles.

Os planos serán a escala acoutada 1:100, como mínimo, e deberán reflectir, entre outros puntos, os cerrados de protección, as zonas pavimentadas, as superficies de xogo e os aparatos de xogo. Todas as actuacións que se inclúan neste proxecto deberán cumprir e respectar a normativa específica aplicable.

Os proxectos técnicos deberanse presentar por exemplar duplicado.

5.3.- Informe técnico e fotografías

Deberase enviar un informe técnico relativo ás actuacións de mellora a realizar en cada un dos parques infantís municipais incluídos no proxecto, especificando expresamente para cada un deles as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta.

O informe deberá acompañarse da reportaxe fotográfica do estado actual de cada un dos parques.

No caso do traslado dun parque a outro emprazamento máis idóneo, deberanse indicar as razóns de seguridade ou accesibilidade que así o aconsellan.

5.4.- Memoria xustificativa

Deberase achegar unha memoria xustificativa onde se analice o estado de situación de cada un dos parques cuxa adaptación ou mellora se solicite, no que se xustifique a selección prioritaria destes parques respecto doutros do mesmo concello.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista de todas as solicitudes presentadas, comprobarase que se axustan ao establecido nestas bases, especialmente no relativo ao seu obxecto, financiamento e documentación que se ha presentar.

No caso de observarse algunha carencia ou deficiencia nas solicitudes presentadas concederáselle ao concello un prazo de 10 días para a súa corrección, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Necesariamente, deberá xuntarse coa solicitude no prazo de presentación establecido no primeiro parágrafo da base 5 do plan, o proxecto técnico da obra que se indica na base 5.2, non sendo unha deficiencia corrixible a omisión deste documento.

Para o caso de que o importe total das solicitudes presentadas ó abeiro desta convocatoria sexa superior ás dispoñibilidades orzamentarias, serán de aplicación os criterios de prioridade que se indican e pola seguinte orde :

CRITERIOS DE PRIORIDADE
1º.- Será prioritarios os proxectos que inclúan o cambio de emprazamento dalgún parque xa existente, cando sexa preciso por razóns de seguridade ou accesibilidade e se considere debidamente xustificado.
2º.- Serán prioritarios os parques que están en situación de maior deterioro e perigosidade apreciados en base á documentación achegada polos concellos e as posibles visitas e inspeccións que se poidan realizar.
3º.- Terán prioridade os concellos de menos poboación da provincia.

O Pleno da deputación prestaralle aprobación ao plan, unha vez que teña entrado en vigor o presuposto provincial 2009, e nel incluíranse os investimentos solicitados polos concellos que estean correctos e completos, tendo en conta os criterios de preferencia sinalados. No plan detallarase a relación das obras que se van realizar nos concellos da provincia que se inclúan, con indicación do seu financiamento entre a deputación e o concello.

As solicitudes para as que non exista crédito que posibilite a súa inclusión dentro do Plan base poderán incluírse nun Plan complementario que se financiaría, no seu caso, con cargo ós remanentes que se poidan producir por anulacións de obras ou baixas de licitación que minoren a achega da deputación nas obras de calquera concello ou coas maiores achegas que poida facer a deputación.

No mesmo acordo aprobarase que a contratación e execución dos investimentos a realizarán os respectivos concellos.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións nin se emita informe ningún, poderanse proseguir os trámites.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A contratación das obras farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberá realizarse ata o día 1 DE DECEMBRO DE 2009. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante resolución da Presidencia, previa solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta deputación.

As baixas que se produzan no plan aplicaranse a minorar a achega municipal que se realice até anular, se for posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente obra, podéndose utilizar para financiar as obras que figuran no Plan complementario, segundo se detalla na base 6.

Unha vez adxudicadas as obras, deberá remitirse a esta deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listaxe de obras con datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
- A documentación que se indicará na circular de contratación, xustificativa da adxudicación realizada.

8. EXECUCIÓN DO PLAN

As obras executaranas os respectivos concellos conforme ao proxecto técnico da obra presentado coa solicitude e aprobado co plan. A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

O prazo para que os investimentos incluídos neste plan estean rematados e xustificados será ate o día 1 DE DECEMBRO DE 2010. Non obstante, o concello poderá, xustificadamente, solicitar unha prórroga para o seu remate.

As modificacións dos contratos tramitaraas, no seu caso, o concello, de acordo co establecido na citada Lei 30/2007, de contratos do sector público. En todo caso, requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

Así mesmo, o concello deberá financiar todos os gastos a maiores que poidan xurdir durante a execución das obras, como os incrementos por modificacións de proxectos, certificacións finais das obras ou os relativos á dirección da obra, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Dende a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel, conforme ao modelo facilitado pola deputación, cos datos da obra, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e outra do cartel da obra no seu contorno, sendo requisito indispensable para que esta deputación transfira ao concello o importe da achega provincial ao plan.

9. PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando a certificación de execución das obras.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación, e que figura na súa páxina web, ou facturas, no caso de subministracións, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello e por exemplar triplicado. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000,00 euros, agás na última certificación.

A deputación transferiralle ao concello o importe correspondente á achega provincial polos investimentos realizados, previa verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no plan, ou aos proxectos modificados que fosen formalmente aprobados.

Coa primeira certificación deberán xuntarse as dúas fotografías onde se reflicta o propio cartel, conforme ao modelo establecido, e a súa colocación na obra.

Así mesmo, terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente acta de recepción. Ademais, deberase xuntar unha reportaxe fotográfica das actuacións realizadas no parque, para poder comparar o seu estado final e inicial. Nesta reportaxe incluírase necesariamente unha fotografía do panel informativo no que figure que a adaptación do parque foi financiada pola deputación xunto co seu logotipo, segundo se esixe na base 2.

O concello deberá comunicarlle á deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a súa correcta execución.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

10.-INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da deputación, logo do informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

ANEXO I MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/Dona secretario/a
do Concello.....

CERTIFICA

Que o Pleno do concello, en sesión realizada o día
adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Participar no Plan especial de parques infantís 2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL

2º) Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto no apartado 1º.

3º) Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obras.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supere o 100% do seu importe.

6º) Autorízaselle á deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

7º) Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. alcalde, en _____, o día _____ de _____ do ano dous mil

V.pr.
O alcalde;

22.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "CONSTRUCCIÓN DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA VILAS - ASADOS (1ª FASE) PL" DO CONCELLO DE RIANXO, INCLUÍDA NA 4ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE HA CONTRATAR A DEPUTACIÓN INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 04.7450.0019.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º Aprobar, por un importe total de 719.770,06 € sobre o presuposto de contrata, o proxecto reformado da obra "CONSTRUCCIÓN DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA (1ª FASE)" do Concello de Rianxo, código 04.7450.0019.0, que foi incluída con carácter plurianual nas anualidades 2004-2005, na 4ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual do IV Convenio Xunta-Deputación 2002-2006, aprobada polo Pleno da deputación en sesión realizada o 22 de decembro de 2006.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento da obra por razón do incremento experimentado que é de 118.757,96 € sobre o orzamento de contrata do proxecto técnico inicial. O citado incremento financiarao integramente a deputación e asignaráselle o código 05.7450.0019.1.

Os datos do financiamento do proxecto reformado, calculados sobre o presuposto de contrata ofrecen o seguinte resumo:

Axentes financiadores	Pto. total contrata	2004		2005	
		04.7450.0019.0	05.7450.0019.0	05.7450.0019.1	
Deputación	611.587,88	197.131,97	295.697,95		118.757,96
Concello	108.182,18	0,00	108.182,18		0,00
TOTAL	719.770,06	197.131,97	403.880,13		118.757,96

A aprobación definitiva deste proxecto reformado da obra citada queda condicionado á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2008 da Deputación Provincial da Coruña, onde se habilita crédito dabondo para o financiamento do seu incremento na partida 0501/452D/60173.

2º Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo, polo mesmo prazo, para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado.”

23.-APROBACIÓN DO SEGUNDO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "COLECTOR SANEAMENTO EN MOSENDE - LUGAR DO MUÍÑO" DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005. CÓDIGO 05.3200.0238.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o segundo proxecto técnico reformado da obra denominada "Colector saneamento en Mosende - lugar do Muíño" do Concello de Valdoviño, incluída no Plan de investimentos locais 2005, código 2005.3200.0238.0, que foi aprobada polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2005, cun presuposto de contrata de 137.370,85 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións contidas no primeiro proxecto técnico reformado que supoñen unha alteración superior ó 30% do seu contido, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

Código	Concello	Denominación da obra	Deputación Fondos propios	Orzamento Total
05.3200.0238.0	Valdoviño	Colector saneamento en Mosende - Lugar do Muíño	137.370,85	137.370,85

24.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S. A. (SOGAMA) E A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA) PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE RESIDUOS URBANOS EN ORIXE E A MELLORA DA RECOLLIDA SELECTIVA.

INTERVENCIONES

Sr. Gacio Vázquez

Sras. e Sres. Deputados, neste punto, o deputado García Borregón vaino defender.

Sr. García Borregón

Bos días, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados. Traemos hoxe á consideración do Pleno neste punto da orde do día a aprobación dun convenio de colaboración coa Sociedade Galega de Medio Ambiente e a Sociedade para a Defensa Ecolóxica de Galicia, como obxecto dun programa piloto para a redución da produción de residuos e a mellora da recollida selectiva, por un importe de 100.000 euros.

En primeiro lugar, queriamos facer unha consideración do que o noso grupo está na liña, como non podía ser doutra maneira, de que a redución, a reciclaxe e a reutilización son procesos esenciais no tratamento de residuos e ao que se debe engadir hoxe a valorización deses residuos. Polo tanto, en primeiro lugar compartimos o que é a necesidade na política de residuos, incidindo na redución e na recollida selectiva en orixe.

Pero unha cousa é estar en liña co obxectivo xeral deste convenio e outra distinta é estar a favor do procedemento, neste caso do convenio, con quen se fai, e tamén a eficacia da utilización do recurso para conseguir o obxectivo verbo do cal estamos de acordo. Non compartimos que detrás dun obxectivo que nos parece razoable se utilice unha canle, baixo o noso punto de vista, equivocada. E iso é o que cremos que se fai con este convenio, e ímonos explicar.

Primeiro, é unha parte do convenio cunha empresa pública, que é SOGAMA, que ten unha misión, que é o tratamento dos residuos mediante a reciclaxe e a valorización, neste caso a valorización enerxética, mediante combustión, e que ten unha obriga, que é o cumprimento de todas as normativas ambientais e directivas de carácter europeo e de carácter local.

Na actualidade, e lamentámolo, SOGAMA, neste caso está lonxe de cumprir estes obxectivos, e eu creo que na súa política de certa ambigüidade e, sobre todo, na falta de previsión empresarial, levou a unha situación que todos debemos lamentar, que é unha acumulación desaxeitada de residuos en vertedoiros, incumprindo todas as normativas ambientais. E SOGAMA está superada, e está pasada por falta de previsión, non sabe nin onde vai e ten un gran problema, un gran problema que nos transmite a todos os concellos. Por iso SOGAMA, non é unha misión de SOGAMA o tema das fases previas, senón resolver axeitadamente o que ten a súa obriga, que é o tratamento de case un millón de toneladas de residuos, hoxe totalmente superada esa produción, e

como causa desa situación está provocando unha acumulación desaxeitada e fóra de toda regra que é a acumulación en vertedoiros de residuos sen reciclar.

Por outra parte está ADEGA, é outra parte do convenio, é unha ONG de carácter ecoloxista e a súa misión é a defensa do medio natural, ninguén o dubida, pero curiosamente mantense absolutamente oculta aos incumprimentos ambientais de SOGAMA e fundamentalmente son dous, que é a acumulación de residuos indiscriminados, sen tratamento en vertedoiros, en contra de todas as normativas de carácter europeo, e segunda, algo que vimos padecendo que son as verteduras de lixiviado sen tratamento adecuado que van á cunca de recepción do río Tambre. Pero é que ademais ADEGA é unha máis das organizacións de carácter ecoloxista e, polo tanto, se recibe axudas debe recibilas co principio de publicidade e concorrència, e iso é así e ademais testemuñano os informes dos funcionarios desta casa, que testemuñan o que eu estou afirmando.

Polo tanto, nin SOGAMA é o seu cometido fundamental, nin ADEGA por transparencia, equidade e concorrència, nin unha nin outra entidade, deben de ser obxecto deste convenio, pero ademais hai algunha outra razón, o convenio fala dun programa piloto. Mire, sobre programas pilotos, neste tema xa non estamos para probas pilotos, estamos xa, sobre este tema creo que a teoría a sabemos, polo tanto a recollida selectiva o que hai que facer é potenciala e dotala economicamente, deixar de programas piloto e facelo verdadeiramente cunha partida e cunha vontade política de amañar ou de minimizar este problema, pero nós faremoslle unha proposta, o noso grupo quere facer unha proposta ao grupo de goberno agora que estamos xa en períodos previos aos orzamentos do ano que vén, fagamos neste tema un programa serio, desde o punto de vista técnico e ambientalmente viable, apoiemos os concellos, dotémoslos de medios para facer política de mentalización no tema de residuos, no tema de residuos gastámonos moito todos os cidadáns, gastámonos moito todas as institucións públicas e aquí debemos de facelo moito mellor, aí, no que é un programa para os concellos, para unha maior sensibilización cidadá da xestión dos residuos, terán todo o noso apoio. Para utilizar recursos públicos en balas de fogueo e en canles non apropiadas para tratar de corrixir ou de dicir que se trata de solucionar un problema e realmente o que se pretende é financiar a unhas determinadas entidades, aí non nos van atopar.

Polo tanto, neste convenio, tal cal está establecido, tal cal é un obxectivo que compartimos, fagamos un programa serio, tratemos e dotemos os concellos para tratar de minimizar e de mellor xestión dos residuos sólidos urbanos, que é un gravísimo problema que temos nesta sociedade moderna, por tanto aí atoparanos, neste tipo de convenios, efectivamente, non terán o noso apoio. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sr. voceiro do Grupo Popular, lamentamos non coincidir nunha gran parte da súa intervención. É evidente que nun momento histórico, un pasado recente, apostouse por dúas fórmulas, digamos, de tratamento dos residuos

sólidos, por un lado a incineración, SOGAMA, e por outro a reciclaxe na parte de Nostián. Naquel momento houbo distintas diferenzas e os distintos grupos que formaban parte da Cámara do Parlamento de Galicia fixeron a súa exposición e o seu posicionamento.

Hoxe realmente o debate non se trata de cales deben ser as fórmulas axeitadas para o tratamento dos residuos sólidos, senón que creo que aquí o que tratamos é exclusivamente de saber como hai que volver a reconsiderar a reciclaxe, a separación selectiva, esa recollida selectiva dos distintos concellos, neste caso non digo de Galicia, pero si da provincia da Coruña, e neste aspecto no expediente número 1 outórgaselle a SOGAMA unha contía de 100.000 euros, 100.000 euros para facer un programa piloto que incida nos elementos didácticos e de motivación tanto nos fogares como nas escolas e nos centros educativos, aos menores. Este programa piloto que vai tratar de chegar a todos os fogares vaise facer nos concellos de Camariñas, A Laracha, Mesía, Oroso e Vilasantar, tomados como unha mostra importante dentro da nosa provincia.

Pero que ocorre con esta partida?, eu lamento que na forma vostede non coincida, eu creo que no fondo estamos de acordo plenamente, sabemos todos plenamente que estamos diante dunha dinámica política onde a recollida de lixo é un problema nas cidades, nas zonas rurais, non aquí só, senón eu atévome a dicir en todo o mundo da Unión Europea, e hai que buscar distintas fórmulas alternativas e por iso moitas veces é necesario facer programas piloto, e facer programas piloto porque é necesario incidir sobre o tema da recollida, do tratamento selectivo e o tratamento adecuado para utilizar a última bagaxe, que é a compostaxe como fertilizante no sector primario na agricultura. Lamento que moitas veces isto non se leve a efecto como se debe, pero é que temos unha experiencia relativamente moi pequena, e estas experiencias hai que proseguir con elas.

Que ocorre con esa subvención nominativa?, e cínxome ao contido que atinxe realmente a esta cámara provincial. Pois o presidente de SOGAMA diríxese ao presidente da institución provincial, pídelle que unha parte desa subvención a faga a Asociación de Defensa de Galicia, ADEGA, para realizar unha serie de actividades, concretamente para asesoría técnica continuada, para cursos de formación en cada concello, da compostaxe e de xestión de residuos, para instalación dos composteiros, para tres visitas casa por casa por cada composteiro, realización dunha enquisa para valorar o que xa se fixo, e cremos que estamos no camiño. Creo que aquí non se falou da compostaxe, pero creo que, unha vez feita a reciclaxe adecuada nos fogares, e feito o tratamento debido nas plantas, creo que se require buscar unha saída, neste momento non é axeitada, e aí temos que coincidir claramente todos.

E incluso tamén se falaba da sobrecarga de SOGAMA no recibimento de determinado lixo. É evidente que igual aí hai que tratar de facer a hipotética planta de reciclaxe na zona sur de Galicia, que igual isto é un elemento que non nos corresponde a nós, senón que lles corresponde aos nosos lexisladores do Parlamento de Galicia.

Eu lamento que non se coincida, creo que ADEGA é unha ONG que ten o seu prestixio en Galicia e, indubidablemente, non podemos aceptar o voto negativo, o noso voto vai ser afirmativo, o que si aceptamos é a achega que fai o Sr. Borregón de seguir tratando nos próximos orzamentos, e aquí nesta cámara teremos momento de debatelos, distintas achegas que poidan facer os distintos grupos. Moitas grazas.

Sr. García Borregón

Eu creo que non é cuestión obxecto deste punto tratar sobre se a incineración e a reciclaxe, ou o tema de Nostián que sacou aquí o Sr. Lagares, eu creo que todo o mundo sabe cal foi o fracaso da tecnoloxía, e ademais non é a redución das dúas tecnoloxías de incineración ou reciclaxe, todo isto é un problema moito máis grave, moito máis técnico e non imos entrar en detalle, nin é obxecto do debate, o obxecto é xustamente o tema do convenio, e o obxecto do convenio polo que nós estamos falando das famosas tres erres, do que son a reutilización e a reciclaxe, estamos absolutamente de acordo, pero é que iso é tan fundamental como calquera maneira hoxe do que se está facendo en Europa. Quérolle dicir unha cousa sobre o tema da incineración, é a combustión mediante valorización enerxética, non se esquezan, non se esquezan que a maioría das plantas europeas teñen incineración, combustión, mediante valorización enerxética, e as plantas de reciclaxe é un complemento, nunca é un tratamento de residuos, pero iso é unha cousa que non creo que veña a conto explicalo aquí. Optouse por iso, hai unha planta, hai que dotala e hai que, sobre todo, neste momento, maximizar esa produción porque a nós, a nivel de galego quedanos moi curta e SOGAMA está sobrepasada, todos sabemos que á parte de estar sobrepasada é precisamente porque non funciona Nostián, todo o mundo o sabe, estase levando residuos para os vertedoiros, que ademais non son vertedoiros de SOGAMA, senón que son vertedoiros alugados a unha empresa privada preto de SOGAMA.

Pero mire, esa non é unha cuestión, nós imos quedar co positivo. A min gustaríame que se incidise sobre iso, por iso a proposta de que se faga e se dote dun programa serio, sobre todo o tema nos concellos, de para unha mellor xestión e dotación deses residuos, que sexan os propios concellos a través dos seus programas, con quen o vai facer, como se vai facer, porque esa teoría da compostaxe privada e demais xa non é unha cuestión piloto, téñense feito moitos pilotos en moitos sitios de Europa sobre ese tema, ou sexa, é unha cuestión de decatarse o que hai polo mundo para logo aplicar aquí a cuestión máis conveniente. Polo tanto, deamos a posibilidade de que sexan os propios concellos os que fagan iso con ADEGA ou con quen consideren oportuno porque a sensibilización á súa xente e a maneira de poder chegar para chegar ao obxectivo, o conduto pódoo decidir o propio concello, e iso é o que nós estamos pedindo, non o obxectivo xeral, senón que creo que o conduto que se está facendo aquí a través desas empresas, creo que non é o correcto, e iso é o que nós formulamos. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Imos ver, como lle dicía na miña intervención, os concellos non están excluídos, os concellos forman parte tamén na administración indirecta de SOGAMA, e SOGAMA como organismo autónomo di que esa campaña que queren facer de operación piloto, digamos que vai atrasada, nós cremos que non vai atrasada, non toca evidentemente falar aquí da incineración ou da reciclaxe, este é un tema que non toca hoxe falar, no momento en que toque falar, igual temos que falar tamén del. Aquí o que toca falar é de facer que a motivación da reciclaxe nos fogares, o elemento de compostaxe que teña unha aplicación, e ese é o único fin deste convenio, que unha parte faino SOGAMA e que outra parte SOGAMA pide que se delegue na Asociación de Defensa de Galicia, en ADEGA, como unha ONG recoñecida, por certo, recoñecida como se debe no aspecto galego. Polo tanto, o resto, eu agradézolle todo o que nos di o representante do Grupo Popular, imos manter esta disgregación dos 100.000 euros nas partidas de 55.000 para SOGAMA e 45.000 euros para ADEGA para plasmar esas actividades ás que me refería na primeira intervención, e agradezo como sempre a intervención e as achegas do Grupo Popular.

Sr. Villamar Díaz

Grazas, Sr. Lagares. Eu, en todo caso, se se me permite, unha reflexión moi pequena. Tanto este punto, como outros que van vir a seguir, non son máis que o desenvolvemento do que acabamos de aprobar todos e que é o punto número vinte, que é o Expediente de modificación de créditos. Acabamos de aprobar todos e todos recoñecemos, todos os grupos políticos, os tres grupos políticos recoñecían que era un pouco un traballo común de todos. Tanto este punto como os seguintes que van vir a seguir é nada máis que o desenvolvemento de todo iso. Simplemente facer esta reflexión, e en todo caso pasamos xa a votar, se lles parece, este punto da orde do día.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (11 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración coa Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A. (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) para financiar o PROGRAMA PILOTO PARA A REDUCCIÓN DA PRODUCCIÓN DE RESIDUOS URBANOS EN ORIXE E A MELLORA DA RECOLLIDA SELECTIVA, cunha achega de 100.000 euros, que se aboarán a:

a) SOGAMA por importe de 55.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 0202/442A/454.01, N° operación: 220080019463.

b) ADEGA por importe de 45.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 0202/442A/48901.

Todo isto condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 do Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, SA (SOGAMA) E A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA PILOTO PARA A REDUCCIÓN DA PRODUCCIÓN DE RESIDUOS URBANOS EN ORIXE E A MELLORA DA RECOLLIDA SELECTIVA

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. _____, Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e o Sr. _____, Presidente da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación, da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña, Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA), CIF A15379803 e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), CIF G15044811 para o

financiamento do Programa piloto para a redución da produción de residuos sólidos urbanos en orixe e a mellora da recollida selectiva nos Concellos de Camariñas, A Laracha, Mesía, Oroso e Vilasantar.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HAN REALIZAR AS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

As actuacións previstas teñen un presuposto total de 100.000,00 € e executaranse de acordo co seguinte detalle:

A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) levará a cabo as actividades seguintes, cun presuposto de 55.000,00 €:

Adquisición e subministración dos composteiros, por importe de 24.000,00 €

Adquisición e subministración dos cubos domiciliarios para depósito de envases lixeiros, por importe de 5.000,00 €

Caracterizacións, mostraxes e análise final da calidade de compost, por importe de 15.000,00 €

Soposte didáctico e publicitario, por importe de 11.000,00 €

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) levará a cabo as actividades seguintes, cun presuposto de 45.000,00 €:

Asesoría técnica continuada; curso de formación en cada concello, tanto de compostaxe como de xestión de residuos; instalación dos composteiros; 3 visitas casa por casa por cada composteiro; realización dunha enquisa por composteiro e realización dunha memoria cos resultados por concello.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito a cobrala.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias 0202/442A/45401 (Sogama, por importe de 55.000,00 €) e 0202/442A/48901 (Adega, por importe de 45.000,00 €) nas que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. O outorgamento dos contratos de servizos ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) ou á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os Pregos de condicións xerais da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrència, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrència.

3. No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo Presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralles aboada ás ENTIDADES BENEFICIARIAS unha vez que ambas as dúas entidades presenten a seguinte documentación:

Memoria de actuación, subscripta polos representantes legais das entidades Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Certificacións da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos expedidas polos órganos competentes.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Tendo en conta que o obxecto deste convenio se ten que realizar de forma coordinada, calquera actividade que non se realice por calquera das entidades beneficiarias significará que a Deputación non terá a obriga de aboar a subvención ou a parte proporcional da actividade non realizada.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, as entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ás entidades beneficiarias para que a presenten no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ás entidades beneficiarias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polas entidades beneficiarias na documentación presentada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, as entidades beneficiarias terán dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) deberán acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopan ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) destinarán os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) deberán contar ao menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) poderán ser escollidas pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Ademais, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) quedan sometidas aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a

extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a entidades beneficiarias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro de 2009.

2. Logo da solicitude previa da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e tras os informes previos preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes previos preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita

xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, SA	O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.:	Asdo.:

25.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CEDEIRA PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA DE POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE CEDEIRA.

INTERVENCIÓNS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente. Co fin de axilizar este Pleno o Grupo Popular e eu, como voceiro, e sen que isto sirva de precedente, xa que a nós gústanos que se toquen todos os puntos, e o Grupo Popular vai dar a súa aprobación desde o punto número 25 ao número 50 entrando xa na actuación de control desta Cámara por parte da Presidencia. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de Cedeira para financiar as obras incluídas no proxecto de REPARACIÓN CUBERTA POLIDEPORTIVO MUNICIPAL CEDEIRA, cunha achega de 131.710,22 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0202/452A/762.01. Nº operación: 220080019478.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O

FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA DE POLIDEPORTIVO MUNICIPAL CEDEIRA.

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte Sr. José Luis Vergara Rey, Alcalde Presidente do Concello de Cedeira.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cedeira, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cedeira para o financiamento da obra REPARACIÓN DE CUBERTA DE POLIDEPORTIVO MUNICIPAL, CEDEIRA, tal como aparece definida no proxecto redactado polos Servizos Técnicos Municipais.

O Concello de Cedeira, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	95.414,53 euros
GASTOS XERAIS:	12.403,89 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL:	5.724,87 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	18.166,93 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	131.710,22 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 131.710,22 euros, o que representa unha porcentaxe do 100%.

2. No caso de que a gasto xustificadado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/452A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Cedeira o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Cedeira axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Cedeira estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Cedeira a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Cedeira deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES

antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Cedeira deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cedeira para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Cedeira da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cedeira na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Cedeira terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Cedeira deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Cedeira destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cedeira poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cedeira queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cedeira serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Concello de Cedeira será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dcoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro de 2009
2. Logo da solicitude previa do Concello de Cedeira, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Cedeira, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por pleno con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CEDEIRA
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: José Luis Vergara Rey

26.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE RIANXO PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA (2ª FASE), EN VILAS-ASADOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de RIANXO para financiar as obras incluídas no proxecto do CAMPO DE FUTBOL DE HERBA SINTÉTICA (2ª FASE), EN VILAS-ASADOS, cunha achega de 399.999,99 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0202/452A/762.01. Nº operación: 220080019479.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIANXO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO CAMPO DE FÚTBOL HERBA SINTÉTICA (2ª FASE) EN VILAS-ASADOS.

A Coruña, 13 de outubro de dos mil oito

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte Don Pedro Piñeiro Hermida, Alcalde Presidente do Concello de Rianxo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Rianxo, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo para o financiamento da obra CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA (2ª FASE) EN VILAS-ASADOS, RIANXO, tal como aparece definida a mesma obra no proxecto redactado por ARQO ARQUITECTOS E URBANISMO.

O Concello de Rianxo, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	289.771,08 euros
GASTOS XERAIS 13%:	37.670,24 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%:	17.386,26 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	55.172,41 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	399.999,99 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 399.999,99 euros, o que representa unha porcentaxe do 100%.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/452A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Rianxo o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Rianxo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Rianxo estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Rianxo a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Rianxo deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):
 - Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Rianxo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Rianxo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Rianxo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Rianxo na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Rianxo terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Rianxo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Rianxo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Rianxo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Rianxo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Rianxo serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, coa fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Rianxo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009

2. Despois da solicitude previa do Concello de Rianxo, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Rianxo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por pleno con data do.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIANXO
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: Pedro Piñeiro Hermida

27.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OROSO PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE PISTA MULTIXOGOS SIGÜEIRO OROSO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de OROSO para financiar as obras incluídas no proxecto de PISTA MULTIXOGOS SIGÜEIRO OROSO, cunha achega de 52.699,40 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432E/762.01. Nº operación: 220080019480.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO PARA A FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO PISTA MULTIXOGOS SIGÜEIRO OROSO.

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte Sr. Manuel Mirás Franqueira, Alcalde Presidente do Concello de Oroso.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oroso, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso para o financiamento da obra PISTA MULTIXOGOS SIGÜEIRO, OROSO, tal como aparece definida a mesma obra no proxecto redactado por M^a YOLANDA GARCÍA FACHAL, arquitecta técnica municipal.

O Concello de Oroso, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	38.176,90 euros
GASTOS XERAIS:	4.963,00 euros

BENEFICIO INDUSTRIAL: 2.290,62 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 7.268,88 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 52.699,40 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 52.699,40 euros, o que representa unha porcentaxe do 100%.
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432E/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Oroso o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Oroso axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Oroso estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Oroso a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o

coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Oroso deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Oroso deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Oroso para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Oroso da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Oroso na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Oroso terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Oroso deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Oroso destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Oroso poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Oroso queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Oroso serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Oroso será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009

2. Despois da solicitude previa do Concello de Oroso, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello de Oroso, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por pleno con data do.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OROSO
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: Manuel Mirás Franqueira

28.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MAZARICOS PARA FINANCIAR A SUBMINISTRACIÓN DUNHA PA RETROESCAVADORA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de MAZARICOS para financiar a subministración dunha pa retroexcavadora, cunha achega de 75.000 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201. N° operación: 220080019502.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAZARICOS PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA PA RETROESCAVADORA

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. D. José Manuel Santos Maneiro Alcalde Presidente do Concello de Mazaricos.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mazaricos, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mazaricos NIF:P:1504600-F, para o financiamento da subministración dos bens que se describen de seguido e cuxa finalidade e o mantemento das zonas agrícolas e

forestais do Concello de Mazaricos que representa unha grande parte do territorio da localidade co fin de manter nun estado minimamente aceptable as pistas indispensables para que os agricultores e gandeiros da zona (motores principais da economía do concello) poidan levar a cabo a súa actividade por iso é necesaria a adquisición dunha retroescavadora coas seguintes características: Motor de 92 hp turboalimentado, conforme á normativa europea sobre emisións TIER II, con transmisión de Powershif de 4 velocidades diante e cara a atrás, Capina Rops e Fops, radio CD, Asento neumático,, Instalación hidráulica frontal para implementos, Enganche rápido mecánico para cazos da escavadora. cazos de 600.mm e adicional, instalación de martelo e válvulas de seguridade en estabilizadores, ademais poderá contar con cazo frontal multiusos con forquitas porta-palets, aire acondicionado, sistema anticabeceo da carga SRS, instalación dobre efecto en circuíto hidráulico de retro, desprazador hidráulico do brazo escavador Powerslide e cazo de 1.200 mm. de orientación hidráulica.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 84.564 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 84.564,00 €, o que representa unha porcentaxe de 88,69 %
2. No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 88,69%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 88,69 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito a cobrala.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistras.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. En todas as publicacións relativas ao presente convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Adquirido o ben, o CONCELLO deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

- 1.O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 54^a das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co

límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONCELLO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dikoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10/10/2009
2. Despois da solicitude previa do CONCELLO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informe previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello, respectivamente.
3. Corresponderanlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por
de dous mil oito

con data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MAZARICOS
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: José Manuel Santos Maneiro

29.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MIÑO PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE URBANIZACIÓN E ADAPTACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DE BEMANTES E SAN XOÁN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de MIÑO para financiar as obras incluídas no proxecto de URBANIZACIÓN E ADAPTACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DE BEMANTES E SAN XOAN, cunha achega de 90.000 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432E/76201. Nº operación: 220080026074.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MIÑO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE URBANIZACIÓN E ADAPTACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DE BEMANTES E SAN XOÁN

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte Sr. Juan Antonio Maceiras Barros, Alcalde Presidente do Concello de Miño.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Miño, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Miño para o financiamento da obra URBANIZACIÓN E ADAPTACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DE BEMANTES E SAN XOÁN, tal como aparece definida a mesma no proxecto redactado por IGNACIO PEDROSA PÉREZ, (arquitecto municipal), nº de Colexiado 2544.

O Concello de Miño, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M: 65412,30 euros

GASTOS XERAIS: 8503,60 euros

BENEFICIO INDUSTRIAL: 3924,74 euros

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 12454,50 euros

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 90295,14 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 90.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 99,67%.

2. No caso de que a gasto xustificadonon acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito a cobrala.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432E/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadonon.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificadonon, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Miño o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Miño axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Miño estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Miño a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Miño deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Miño deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Miño para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Miño da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Miño na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Miño terá dereito ao abono

dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Miño deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Miño destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Miño poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Miño queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Miño serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Concello de Miño será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009

2. Logo da solicitude previa do Concello de Miño , realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello de Miño, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario de data 31-10-2008. E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: Juan Antonio Maceiras Barros

30.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ABEGONDO PARA FINANCIAR A ADQUISICION DE MOBILIARIO PARA A SALA DE PLENOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de ABEGONDO para financiar a ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA A SALA DE PLENOS, cunha achega de 28.440,88 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432D/762.01, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno. “

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA A FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO MOBILIARIO PARA A SALA DE PLENOS DE ABEGONDO

A Coruña, nove de outubro de dous mil oito.

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. Juan J. Rocha Carro, Alcalde Presidente do Concello de Abegondo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Abegondo ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo, CIF P1508400G, para o financiamento da subministración do ben que se describe de seguido:

DO MOBILIARIO PARA A SALA DE PLENOS.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que se achegou polo Concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 28.440,88 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 28.440,88 €, o que representa unha porcentaxe do 100%.
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro dela.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432D/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.

2. No procedemento de contratación, o Concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. En todas as publicacións relativas ao presente Convenio farase constar a financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido o ben, o Concello deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada ao Concello unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido

xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o

cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro de 2009.

2. Despois da solicitude previa do Concello, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello, respectivamente.

3. Corresponderanlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ABEGONDO
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: Juan J. Rocha Carro

31.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA FINANCIAR A SUBMINISTRACIÓN DE MAQUINARIA DE OBRAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello das PONTES DE GARCÍA RODRIGUEZ para financiar a SUBMINISTRACIÓN DE MAQUINARIA DE OBRAS PÚBLICAS, cunha achega de 110.000,00 euros, O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno. “

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE MAQUINARIA DE OBRAS PÚBLICAS

A Coruña, de dous mil oito, na sede da Deputación Provincial da Coruña.

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. Valentín González Formoso, Alcalde Presidente do Concello das Pontes de García Rodríguez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello das Pontes de García Rodríguez ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes de García Rodríguez, CIF P1507100D para o financiamento da subministración do ben que se describe de seguido

Un vehículo tractor, destinado a labores de limpeza en pistas, cun presuposto de 49.435,55 €

Un camión con plataforma elevadora, destinado ao servizo eléctrico, cun presuposto de 36.464,45 €

Un vehículo tipo furgón, destinado ao transporte de persoas do servizo de obras, cun presuposto de 24.100,00 €

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 110.000,00 €.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 110.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100,00%.

2. No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro dela.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.
2. No procedemento de contratación, o Concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. En todas as publicacións relativas ao presente Convenio farase constar a financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Adquirido o ben, o Concello deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada ao Concello unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da sanción que, de conformidade

co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do

12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro de 2009.

2. Previa solicitude do Concello, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello, respectivamente.

3. Corresponderanlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno en sesión con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: Valentín González Formoso

32.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BOIMORTO PARA FINANCIAR AS SEGUINTE ACTUACIÓN:

- RECUPERACIÓN DO CAMPO DE ADESTRAMENTO ANEXO AO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA.
- ADQUISICIÓN DA CORTACÉPEDE PARA O CAMPO DE FÚTBOL.
- EQUIPAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL.
- ACONDICIONAMENTO LOCAL PARA ALBERGAR O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO.
- ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN MUNICIPAL.
- SINALIZACIÓN DE NÚCLEOS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de BOIMORTO para financiar as seguintes actuacións: RECUPERACIÓN DO CAMPO DE ADESTRAMENTO ANEXO AO CAMPO DE FUTBOL DE HERBA, ADQUISICIÓN DA CORTACÉSPED PARA O CAMPO DE FÚTBOL, EQUIPAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL, ACONDICIONAMENTO LOCAL PARA ALBERGAR O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO, ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN MUNICIPAL, SINALIZACIÓN DE NÚCLEOS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO, cunha achega de 150.000,00 euros, detallado do seguinte modo:

ACTUACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIONADO
RECUPERACIÓN DO CAMPO DE ADESTRAMENTO ANEXO AO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA	0202/452A/76201	43923,26	38785
ADQUISICIÓN DA CORTACÉPEDE PARA O CAMPO DE FÚTBOL	0202/452A/76201		
EQUIPAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL	0202/452A/76201		
ACONDICIONAMENTO LOCAL PARA ALBERGAR O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO	0202/432D/76201	29951,1	26448
ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN MUNICIPAL	0202/511D/76201	95998,47	84767
SINALIZACIÓN DE NÚCLEOS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO	0202/511D/76201		
TOTAL		169873,33	150000

Todo isto condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA O FINANCIAMENTO DE DIVERSAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

A Coruña, na sede da Excm. Deputación Provincial, a de dous mil oito

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte Sr. José Ignacio Portos Vázquez, Alcalde Presidente do Concello de Boimorto.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Boimorto, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boimorto, CIF P1501000B, para o financiamento das seguintes actuacións:

- RECUPERACIÓN DO CAMPO DE ADESTRAMENTO ANEXO AO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA.
- ADQUISICIÓN DUN CORTACÉPEDE PARA O CAMPO DE FÚTBOL
- EQUIPAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL
- ACONDICIONAMENTO LOCAL PARA ALBERGAR O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO
- ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN MUNICIPAL
- SINALIZACIÓN DE NÚCLEOS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO

O Concello de Boimorto, no caso dos proxectos de obras e dada a súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN:

A. RELATIVO AOS PROXECTOS DAS OBRAS.

- RECUPERACIÓN DO CAMPO DE ADESTRAMENTO ANEXO AO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA. A obra aparece definida no proxecto redactado polo enxeñeiro de Camiños, ÁNGEL DELGADO CID, colexiado núm. 4657, onde se detalla o orzamento total da execución de contrata da obra co seguinte detalle:

O. E. M:	15519,60 euros
GASTOS XERAIS:	2017,55 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL:	931,16 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	2954,93 euros

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 21423,26 euros

- ACONDICIONAMENTO LOCAL PARA ALBERGAR O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO. A obra aparece definida no proxecto redactado pola arquitecta técnica, MARÍA ARUFE NOYA, colexiada núm. 2140, sendo o orzamento de execución de contrata:

O. E. M: 21697,41 euros
GASTOS XERAIS: 2820,66 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL: 1301,84 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 4131,19 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 29951,10 euros

B. RELATIVO ÁS ADQUISICIÓNS:

- UN CORTACÉSPEDE PARA O CAMPO DE FÚTBOL, cun orzamento de 10500,00 €
- EQUIPAMENTO PARA O CAMPO DE FÚTBOL, cun orzamento de 12000,00 €
- UN CAMIÓN MUNICIPAL, cun orzamento de 62640,00 €
- SINALIZACIÓN DE NÚCLEOS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO, cun orzamento de 33358,47 € definido nun proxecto redactado polo enxeñeiro de Camiños, ÁNGEL DELGADO CID, colexiado núm. 4657, onde se desagrega o orzamento total da execución de contrata da obra co seguinte detalle:

O. E. M: 28757,30 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 4601,17 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 33358,47 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das actuacións, tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 150000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 88,30%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 88,30% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito a cobrala.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras ou os derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria que a continuación se detallan, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito:

ACTUACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIONADO
RECUPERACIÓN DO CAMPO DE ADESTRAMENTO ANEXO AO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA	0202/452A/76201	43923,26	38785
ADQUISICIÓN CORTACÉSPEDE PARA O CAMPO DE FÚTBOL	0202/452A/76201		
EQUIPAMENTO CAMPO DE FÚTBOL	0202/452A/76201		
ACONDICIONAMENTO LOCAL PARA ALBERGAR O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO	0202/432D/76201	29951,1	26448
ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN MUNICIPAL	0202/511D/76201	95998,47	84767
SINALIZACIÓN DE NÚCLEOS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO	0202/511D/76201		

TOTAL	169873,33	150000
-------	-----------	--------

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

A. POLO QUE RESPECTA AOS CONTRATOS DE OBRA:

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Boimorto o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

B. POLO QUE ATINXE ÁS ADQUISICIÓNS E CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓNS:

1. Na condición de adquirinte, corresponderalle ao Concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.

En ambos os casos -contratos de obra e contratos de subministracións e adquisicións- no procedemento de contratación, o Concello de Boimorto axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e con arreglo aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

A. POLO QUE RESPECTA AOS CONTRATOS DE OBRA

1. Durante a execución das obras e ata ao seu remate e recepción, o Concello de Boimorto estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

B. POLO QUE ATINXE ÁS ADQUISICIÓNS E CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓNS

1. En todas as publicacións relativas ao presente convenio farase constar a financiación da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido o ben, o Concello deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A. POLO QUE RESPECTA AOS CONTRATOS DE OBRA

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Boimorto a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Boimorto deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

B. POLO QUE RESPECTA ÁS ADQUISICIÓNS E ÁS SUBMINISTRACIÓNS

A achega da Deputación seralle aboada ao Concello unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

A. POLO QUE RESPECTA AOS CONTRATOS DE OBRAS:

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Boimorto deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir do remate daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación algunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Boimorto para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Boimorto da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Boimorto na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Boimorto terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde o remate do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

B. POLO QUE ATINXE ÁS ADQUISICIÓNS E ÁS SUBMINISTRACIÓNS:

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Boimorto deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Boimorto destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boimorto poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Lousame queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boimorto serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boimorto será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009
2. Despois da solicitude previa do Concello de Boimorto, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello de Boimorto, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo pleno en sesión con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: José Ignacio Portos Vázquez

33.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CABANAS PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E UNHA MÁQUINA LIMPADORA DE PRAIAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de CABANAS para o financiamento da subministración dun tractor e unha máquina limpadora de praias, cunha achega de 85.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E UNHA MÁQUINA LIMPADORA DE PRAIAS

A Coruña, a

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. D. Germán Castrillón Permuy Presidente do Concello de Cabanas

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cabanas, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabanas NIF:P:1501500-A, para o financiamento da subministración dos bens que se describen de seguido e cuxa finalidade e a limpeza das praias do concello de Cabanas :

1. Tractor cunha potencia entre 100 e 120 cv, con cabina e aire acondicionado
2. Máquina limpapraias con motores hidráulicos cun sistema de limpeza de malla triangular un ancho de traballo aproximadamente de 1,8 metros, unha profundidade de traballo aproximada de 0 a 300 mm. con tres roletes vibratorios unha alisadora por presión, capacidade tremoia (*tolva*) aproximada de 2m³, descarga de tremoia (*tolva*) hidráulica e uns rendementos en area seca de 30.000 m²/h a 35.000m²/h e en area húmida de 9.000 m²/h a 15.000m².

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 105.000 euros, segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO		
SUBMINISTRACIÓN	CANTIDADE	IMPORTE
Tractor	1	54.000
Máquina limpapraias	1	51.000
Total	2	105.000

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 85.000 €, o que representa unha porcentaxe de 80,95 %

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,95 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 80,95 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito a cobrala.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. En todas as publicacións relativas ao presente Convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido o ben, o CONCELLO deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á CONCELLO unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o

cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na base 54^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, coa fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dcoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10/10/2009
2. Despois da solicitude previa do CONCELLO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario con data do de dous mil oito

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: Germán Castrillón Permuy

34.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CARNOTA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN TRACTOR E DÚAS ROZADOIRAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de CARNOTA para financiar a ADQUISICIÓN DUN TRACTOR E DÚAS ROZADOIRAS, cunha achega de 114.000,00 euros. O gasto que se derive deste

convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/762.01, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno. “

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E DÚAS DESBROZADORAS

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. D. José Domingo Oreiro Rodríguez Presidente do Concello de Carnota

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carnota, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carnota NIF:P:1502000-A, para o financiamento da subministración dos bens que se describen de seguido e cuxa finalidade e o acondicionamento e mellora dos espazos públicos, e a recuperación do contorno e das zonas incendiadas, así como a creación de novas áreas útiles para a promoción como itinerarios de natureza e cultura do Concello de Carnota :

1.Tractor cunha potencia 130 cv, con cabina abatible e chasis integral, con dobre tracción e sistema hidráulico, e freos de disco refrixerados por aceite, dirección hidroestática, volante con inclinación axustable, toma de forza con embrague independente, enganche tripuntal.

1. Desbrozadora con brazo telescópico coas seguintes características:

Cabezal triturador bidireccional, dobre instalación hidráulica de alto rendemento, mandos a distancia dende o interior da cabina, amortecedores hidráulicos con rotación da cabina, de 100°, sistema flotante do cabezal, roletes regulable en altura, proteccións dianteiras e traseiras do cabezal, cabezal cunha anchura de traballo de 1,30 m., todos estes apeiros serán totalmente desmontables permitindo utiliza-lo vehículo para outros traballos

1.Desbrozadora de cadeas coas seguintes características:

Patíns antidesgaste con regulación de altura, cortinas traseira e dianteira de cadeas de protección, bulóns de enganche oscilante para a perfecta adaptación ao terreo, chasis altamente reforzado que garanta traballos en condicións extremas., toma de forza a 1000 ou a 540 r.p.m., gardián industrial con embrague de discos de bronce, 2 rotores de 4 cadeas, e 2 alturas de corte rápido acoples de unión entre os grupos que absorben os xiros bruscos dos rotores Pe de seguridade, e un grupo central orientado cara á saída da toma de forza do tractor para un perfecto funcionamento do cardán.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 114.000 euros, segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO		
SUBMINISTRACIÓN	CANTIDADE	IMPORTE
Tractor	1	83.487
1 desbrozadora telescópica	1	22.307
1 desbrozadora de cadeas	1	8.206
Total		114.000

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 114.000 €, o que representa unha porcentaxe de 100 %
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistras.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. En todas as publicacións relativas ao presente Convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Adquirido o ben, o CONCELLO deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito

ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, coa fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10/10/2009
2. Despois da solicitude previa do CONCELLO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do de dous mil oito

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: José Domingo Oreiro Rodríguez

35.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CURTIS PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA RETROCARGADORA RÍXIDA PARA TRABALLOS AMBIENTAIS E PARA OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de CURTIS para o financiamento da subministración dunha retrocargadora rixida para traballos ambientais e para obras e servizos municipais, cunha achega de 100.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno. “

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA A FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA RETROCARGADORA RÍXIDA PARA TRABALLOS MEDIOAMBIENTAIS E PARA OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. D. Javier Francisco Caínzos Vázquez Alcalde-Presidente do Concello de Curtis

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Curtis, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Curtis NIF:P:1503200-F, para o financiamento da subministración dos bens que se describen de seguido e cuxa finalidade e a mellora e protección do medioambiente:

1.Retrocargadora rixida

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 122.960 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000 €, o que representa unha porcentaxe de 81,33 %
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 81,33 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 81,33 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non for cumprida e perderase o dereito a cobrala.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistras.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. En todas as publicacións relativas ao presente Convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Adquirido o ben, o CONCELLO deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Coa fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONCELLO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, coa fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10/10/2009
2. Logo da solicitude previa do CONCELLO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario con data do de dous mil oito

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CURTIS
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: Javier Francisco Caínzos Vázquez

36.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE DODRO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA CUADRILLA MUNICIPAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de DODRO para financiar a ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA CUADRILLA

MUNICIPAL, cunha achega de 28.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, polo que queda queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DODRO PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA A CUADRILLA MUNICIPAL

A Coruña, a _____ de dous mil oito, na sede da Deputación Provincial da Coruña.

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. Arturo Díaz Díaz, Alcalde Presidente do Concello de Dodro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Dodro ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dodro, CIF P1503300D para o financiamento da adquisición dun vehículo para a cuadrilla municipal, cun presuposto de 28.000,00 €

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que se achegou polo Concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 28.000,00 €.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 28.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100,00%.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.

2. No procedemento de contratación, o Concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. En todas as publicacións relativas ao presente Convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido o ben, o Concello deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na base 54^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao

máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, coa fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro de 2009.

2. Logo da solicitude previa do Concello, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno en sesión con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: Arturo Díaz Díaz

37.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE DODRO PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE REHABILITACION DE EDIFICACIÓN DESTINADA A CENTRO DE REPRESENTACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de DODRO para financiar as obras incluídas no proxecto de REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADA A CENTRO DE REPRESENTACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS, cunha achega de 180.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432D/762.01, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DODRO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADA A CENTRO DE REPRESENTACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte Sr. Arturo Díaz Díaz, Alcalde Presidente do Concello de DODRO
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da deputación e do Concello de Dodro, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dodro para o financiamento da obra REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADA A CENTRO DE REPRESENTACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS, tal como aparece definida esta no proxecto redactado pola arquitecta, Marta Gómez Fernández (número de colexiado 3720)

O Concello de Dodro, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se retribúan por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M: 156476,39 euros
GASTOS XERAIS: 20341,93 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL: 9388,58 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 29793,10 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 216000 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 180000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 83,33%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos retribuídos pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432D/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Dodro o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Dodro axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Dodro estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da deputación seralle aboada ao Concello de Dodro, a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Dodro deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Dodro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Dodro para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Dodro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Dodro na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Dodro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se retribúan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Dodro deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarás de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Dodro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Dodro poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Dodro queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se retribúan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención

outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Dodro serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Dodro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dcoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009.

2. Previa solicitude do Concello de Dodro, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o do Concello de Dodro, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita

xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario o

E, en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO
Salvador Fernández Moreda	Arturo Díaz Díaz

38.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE INSTALACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E COMPOÑENTES ELÉCTRICOS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE CABANETÁN, CABANETÁN-LESENDE, EN LOUSAME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de LOUSAME para o financiamento das obras incluídas no proxecto de instalación do centro de transformación e compoñentes eléctricos no campo de fútbol municipal de Cabanetán, Cabanetán-Lesende, en Lousame, cunha achega de 42.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/4521/76201, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE INSTALACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E COMPOÑENTES ELÉCTRICOS DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE CABANETÁN, CABANETÁN-LESENDE DE LOUSAME.

A Coruña, na sede da Excma. Deputación provincial, a quince de setembro do dous mil oito

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, Sr. José Santiago Freire Abeijón, alcalde presidente do Concello de Lousame.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Lousame, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame para o financiamento da obra **INSTALACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E COMPOÑENTES ELÉCTRICOS DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE CABANETÁN, CABANETÁN-LESENDE**, tal e como aparece definida esta no proxecto redactado por **ALEJANDRO RODRIGUEZ FREIRE**, arquitecto municipal, colexiado 1.646COAAT.AC.

O Concello de Lousame, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se retribúan por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detallado do seguinte xeito:

P. E.M:	37.670,24 euros
GASTOS XERAIS:	4.897,13 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL:	2.260,21 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	7.172.42 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	52.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 42.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 80,76923%.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 80.76923% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos retribuídos pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/4521/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle o Concello de Lousame o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Lousame axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Lousame estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da deputación seralle aboada ao Concello de Lousame a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de

Lousame deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Lousame deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Lousame para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Lousame da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Lousame na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Lousame terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se retribúan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Lousame deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Lousame destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Lousame poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Lousame queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se retribúan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Dodro serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Lousame será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009.

2. Previa solicitude do Concello de Lousame, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18

de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o do Concello de Lousame, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario o

E, en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOUSAME
Salvador Fernández Moreda	José Santiago Freire Abeijón

39.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PADRÓN PARA FINANCIAR A SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA VARREDORA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de PADRÓN para financiar a SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA VARREDORA, cunha achega de 96.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADRÓN PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA VARREDORA

A Coruña, de dous mil oito, na sede da Deputación Provincial da Coruña.

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. Camilo Forján Seoane, alcalde presidente do Concello de Padrón

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da deputación e do Concello de Padrón ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Padrón, CIF P1506600D, para o financiamento da subministración do ben que se describe deseguido

UNHA MÁQUINA VARREDORA

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou o concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 108.639,80 €.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 96.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 88,37%.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 88,37% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.

2. No procedemento de contratación, o concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. En todas as publicacións relativas ao presente convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido o ben, o concello deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da deputación seralle aboada ao concello, unha vez que se presenten na deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se retribúan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Padrón poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Padrón queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se retribúan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54^a das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao

máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Dodro serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Padrón será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009.

2. Previa solicitude do Concello de Padrón, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o do Concello de Padrón, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario o

E, en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADRÓN
Salvador Fernández Moreda	Camilo Forján Seoane

40.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE BARDAOS E DO CONTORNO DO CENTRO CULTURAL DE LAMAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de SAN SADURNIÑO para o financiamento das OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE BARDAOS E DO ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO CENTRO CULTURAL DE LAMAS, cunha achega de 200.000,00 euros. O gasto que se derive de este convenio imputarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

TITULO	IMPORTE SUBVENCIONADO	PARTIDA ORZAMENTARIA
OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE BARDAOS	130.530	0202/432D/76201
OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO CENTRO CULTURAL DE LAMAS	69.470	0202/432E/76201

Todo isto condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno. “

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE BARDAOS E DO CONTORNO DO CENTRO CULTURAL DE LAMAS

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, Sr. Secundino García Casal, alcalde presidente do Concello de SAN SADURNIÑO.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de SAN SADURNIÑO, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de SAN SADURNIÑO para o financiamento da obra de ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE BARDAOS E DO ENTORNO DO CENTRO CULTURAL DE LAMAS, tal como aparece definida a mesma no proxecto redactado pola arquitecta municipal D^a Monserrat Ruíz Fernández.

O Concello de SAN SADURNIÑO, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se retribúan por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo os proxectos técnicos aos que se fai referencia na cláusula anterior, por importe total de 228.229,90 € detállanse do seguinte xeito:

PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE BARDAOS E
ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO CENTRO CULTURAL DE LAMAS

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:.....	165.336,06 euros
GASTOS XERAIS.....	:21.493,69 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL:.....	9.920,16 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:.....	31.479,99 euros
PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN:.....	228.229,90 euros

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN
OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 200.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 87,63%.
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 87,63% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos retribuídos pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

TITULO	IMPORTE SUBVENCIONADO	PARTIDA ORZAMENTARIA
Obras de acondicionamento do local social de Bardaos	13.530 €	0202/432D/76201
Obras de acondicionamento do contorno do centro cultural de Lamas	69.470 €	0202/432E/76201

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de San Sadurniño o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de San Sadurniño axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de San Sadurniño estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da deputación seralle aboada ao Concello de San Sadurniño a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de San Sadurniño deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas nos proxectos técnicos indicados na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de San Sadurniño deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento o Concello de San Sadurniño para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de San Sadurniño da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de San Sadurniño na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de San Sadurniño terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se retribúan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de San Sadurniño deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de San Sadurniño destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de San Sadurniño poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de San Sadurniño queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se retribúan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Dodro serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de San Sadurniño será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009.

2. Previa solicitude do Concello de San Sadurniño, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o do Concello de San Sadurniño, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita

xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario o

E, en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO
. Salvador Fernández Moreda	Secundino García Casal

41.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE TOQUES PARA FINANCIAR A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO (TIPO FURGONETA), CON CAPACIDADE PARA OITO PERSOAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de TOQUES para financiar a SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO (TIPO FURGONETA), con capacidade para oito persoas, cunha achega de 26.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/762.01, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOQUES PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHICULO COMBINADO (TIPO FURGONETA), CON CAPACIDADE PARA 8 PERSOAS

A Coruña, trinta de setembro de dous mil oito

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. Miguel A. Buján Varela, alcalde presidente do Concello de Toques.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da deputación e do Concello de Toques ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Toques, CIF P1508400G, para o financiamento da subministración do ben que se describe deseguido:

UN VEHÍCULO COMBINADO (TIPO FURGONETA), CON CAPACIDADE PARA 8 PERSOAS

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou o concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 26.995,00 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 26.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 96,31%.
2. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 96,31% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu

importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.

2. No procedemento de contratación, o concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. En todas as publicacións relativas ao presente convenio farase constar a financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido o ben, o concello deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da deputación seralle abonada ao concello, unha vez que se presenten na deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación da conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación subministrada. E se transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se retribúan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Toques poderá ser escollido pola Intervención provincial para a

realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Toques queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se retribúan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Dodro serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Toques será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009.

2. Previa solicitude do Concello de Toques, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o do Concello de Toques, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario o

E, en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TOQUES
Salvador Fernández Moreda	Miguel A. Bujan Varela

42.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VILASANTAR PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE ARRANXO DE INSTALACIÓNS DO CENTRO CULTURAL DE VILARIÑO, EN VILASANTAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de VILASANTAR para financiar as obras incluídas no proxecto de ARRANXO DE INSTALACIÓNS DO CENTRO CULTURAL DE VILARIÑO, en VILASANTAR, cunha achega de 40.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432D/76201, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE ARRANXO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO CULTURAL DE VILARIÑO, DE VILASANTAR.

A Coruña, na sede da Excma. Deputación provincial, a oito de outubro de dous mil oito

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, dona Manuela García Freire, alcaldesa presidenta do Concello de Vilasantar.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da deputación e do Concello de Vilasantar, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento da obra ARRANXO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO CULTURAL DE VILARIÑO, tal como aparece definida esta no proxecto redactado por EMILIO FERNANDEZ PEREZ, técnico municipal.

O Concello de Vilasantar, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se retribúan por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	28.977,11 euros
GASTOS XERAIS 13%:	3.767,02 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%:	1.738,63 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	5.517,24 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	40.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 40.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 100%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos retribuídos pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432D/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Vilasantar o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Vilasantar axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Vilasantar estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da deputación seralle aboada ao Concello de Vilasantar, a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Vilasantar deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como e están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Vilasantar deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Vilasantar para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Vilasantar da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Vilasantar na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Vilasantar terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se retribúan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Vilasantar deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Vilasantar destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vilasantar poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Vilasantar queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se retribúan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Dodro serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan

incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Vilasantar será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009.

2. Previa solicitude do Concello de Vilasantar, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o do Concello de Vilasantar, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario o

E, en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VILASANTAR

43.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIMIANZO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE REHABILITACIÓN DE FONTE PÚBLICA TRADICIONAL EN SERRAMO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de VIMIANZO para a realización de obras de REHABILITACIÓN DE FONTE PÚBLICA TRADICIONAL EN SERRAMO, cunha achega de 55.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432E/762.01, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE REHABILITACION DA FONTE PÚBLICA TRADICIONAL EN SERRAMO

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, Sr. Alejandro Rodríguez Lema , alcalde presidente do Concello de VIMIANZO.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de VIMIANZO, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de VIMIANZO para o financiamento da obra REHABILITACIÓN DA FONTE PÚBLICA TRADICIONAL EN SERRANO, tal como aparece definida esta no proxecto redactado polo arquitecto municipal, Julio Vázquez Rodríguez.

O Concello de VIMIANZO, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se retribúan por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M: 42924,66 euros
GASTOS XERAIS: 5580,21 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL: 2575,48 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 8172,86 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 59253,21 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 55.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 92,82%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos retribuídos pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432E/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Vimianzo o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Vimianzo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de VIMIANZO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da deputación seralle aboada ao Concello de Vimianzo, a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Vimianzo deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos,

TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Vimianzo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento o Concello de Vimianzo para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Vimianzo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Vimianzo na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Vimianzo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se retribúan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Vimianzo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Vimianzo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vimianzo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Vimianzo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se retribúan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54^a das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Dodro serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Vimianzo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009.

2. Previa solicitude do Concello de Vimianzo, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o do Concello de Vimianzo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario o

E, en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO
---	--

Salvador Fernández Moreda	Alejandro Rodríguez Lema
---------------------------	--------------------------

44.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ZAS PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE MELLORA DE CAPA DE RODAXE NA ESTRADA DE PONTE DO SISTO ATA VILAESTEVEES EN ZAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio e atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de ZAS para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA DE CAPA DE RODAXE NA ESTRADA DE PONTE DO SISTO ATA VILAESTEVEES EN ZAS, cunha achega de 200.000,00 euros. O gasto que se derive deste convenio imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511C/76201, polo que queda condicionado á aprobación definitiva do EMC 2/2008 de Pleno.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA ESTRADA DE PONTE DO SISTO ATA VILAESTEVEES DE ZAS.

A Coruña, na sede da Excma. Deputación provincial, quince de setembro do dous mil oito

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, Sr. Manuel Muíño Espasandín, alcalde presidente do Concello de Zas.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da deputación e do Concello de Zas, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Zas para o financiamento da obra MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA ESTRADA DE PONTE DO SISTO ATA VILAESTEVEVES, tal como aparece definida esta no proxecto redactado por ELISEO BARCA PALLAS, arquitecto técnico.

O Concello de Zas, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se retribúan por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detallado co seguinte detalle:

P. E.M:	144.885,54 euros
GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL 19%	27.528,25 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	27.586,21 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	200.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 200.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 100%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos retribuídos pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511C/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Zas o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Zas axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

- 1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Zas estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da deputación seralle aboada ao Concello de Zas, a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Zas deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Zas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Zas para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Zas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Zas na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Zas terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se retribúan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Zas deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Zas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Zas poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Zas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se retribúan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Dodro serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Zas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10 de outubro do 2009.

2. Previa solicitude do Concello de Zas , realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o do Concello de Zas, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario o

E, en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ZAS
Salvador Fernández Moreda	Manuel Muíño Espasandín

45.-PROXECTO BÁSICO DE EXECUCIÓN DAS EDIFICACIÓNS NO EIDO DO DOLMEN DE DOMBATE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar tecnicamente o proxecto BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS EDIFICACIÓNS NO EIDO DO DOLMEN DE DOMBATE que forma parte do **Plan de protección do patrimonio arqueolóxico provincial (Dolmen de Dombate) 2009** cun orzamento total de 1.960.000,00.- euros, con carácter de expediente anticipado de gastos e imputable á aplicación 0402/454C/608.00, e que se detalla.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CABANA	0944000001.0	PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS EDIFICACIÓNS NO EIDO DO DOLMEN DE DOMBATE	1.960.000,00
		TOTAL	1.960.000,00

2) Expoñer ó público o proxecto mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerarase definitivamente aprobado e condicionado á aprobación definitiva do orzamento correspondente.

3) A adxudicación das obras queda condicionada á obtención da correspondente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e será obxecto de tramitación unha vez obtida a dita autorización; en consecuencia, a contratación das obras contidas no citado proxecto non é obxecto deste expediente.

46.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008. 3ª FASE, PROXECTO: ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 7806 RAMPLA AO AVIO (SANTIAGO DE COMPOSTELA). (0811300015.0)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2008, 3ª FASE, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 131.941,79.- euros e que son os que deseguido se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 7806 RAMPLA AO AVIO (SANTIAGO DE COMPOSTELA) (0811300015.0)	131.941,79
TOTAL	131.941,79

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.”

47.-CONCESIÓN DE PRÓRROGA DE 20 DÍAS AO CONCELLO DE

CERCEDA PARA A REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN DA BASE 3.1 PARA OS PROXECTOS DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008-2011 CORRESPONDENTE AO PROXECTO: TRAVESÍA DE CALVARIO A PAO DE LOBO NA D.P. 2403 (CERCEDA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder un prazo de 20 días, a contar desde a notificación do presente acordo, para que o Concello de Cerceda remita a esta deputación a documentación das bases 3.A:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario, onde conste, expresamente, o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiacións, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación para que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo, por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

Todo iso, para os efectos de sometelo, unha vez cumprido o trámite da remisión da documentación, novamente, ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

No caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado, archivarase o expediente.”

48.-APROBAR O PLAN DE SENDAS PEONÍS 2008, PRIMEIRA FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

” 1) Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2008 PRIMEIRA FASE, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos neste, cun orzamento total de 262.462,03. - euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0202/560 A/60101, e que se detalla

CONCELLO	CODIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
ABEGONDO	0811700001.0	TRAVESIA E SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 0103 REXEDOIRA Á PRAIA DE BALDAIO (TRAMO CARRAL) DESDE PK 3+570 AO 4+840	155.304,79
CESURAS	0811700002.0	MELLORA DA SEGURIDADE NA DP 0104 DA REXEDOIRA Á PRAIA DE BALDAIO TRAMO CESURAS PK	107.157,24

	11+260 AL PK 12+260	
	TOTAL	262.462,03

Faise constar que se darán de alta as obras no programa de Xestión de Plans unha vez aprobada definitivamente o EMC 2/2008.

2) Expoñer ao público os proxectos, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3) Condicionar a aprobación definitiva do presente plan á aprobación do expediente de modificación de créditos 2/2008”

49.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN E APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ANUALIDADES 2009-2011, APROBADAS NO PLENO ORDINARIO DE 12.09.08 E PUBLICADAS NO BOP NÚM. 223, DO 26.09.08.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Detectados erros nas bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos da provincia da Coruña para creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística, anualidades 2009-2011, aprobadas polo Pleno ordinario de 12, 09,08 e publicadas no BOP do 26.09.08, apróbanse as seguintes modificacións:

1. Na base 2ª, suprimir o cadro publicado por consideralo meramente orientativo.
2. Na base 3ª, o apartado A) queda redactado como segue:
 “As axudas desta convocatoria serán para as retribucións do persoal dos servizos de normalización lingüística durante o período 2009-2011.
 A deputación sufragará ata un máximo de 12.000 euros por anualidade e concello, agrupación ou mancomunidade se ten xornada completa e 6.000 euros se ten media xornada, e se ten xornada inferior ou non é ano completo reducirase o importe proporcionalmente”.
3. No apartado 2 da base 8ª, suprimir o apartado b).
4. Na base 9ª, o apartado 1 queda redactado como segue:

“Despois de ver a documentación xustificativa presentada e despois dos informes previos do Servizo de Fomento e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento dos obxectivos do programa e, se a documentación é correcta,

darase por xustificado o importe da axuda. A xustificación entregarase antes do 1 de marzo da anualidade seguinte.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección”.

5. Aprobar as bases co texto definitivo e adaptar ao texto os convenios correspondentes.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ANUALIDADES 2009-2011

Base 1.^a Finalidade

A Deputación da Coruña convoca un Programa de cooperación cos concellos da provincia, mancomunidades e agrupacións, destinadas a sufragar os custos do persoal que realice as funcións descritas na base 3.^a, coa intención de cumprir o sinalado no *Plan xeral de normalización lingüística*.

Base 2.^a Aplicación orzamentaria

As axudas ás que se refire o artigo anterior faranse efectivas, no seu día, con cargo á aplicación orzamentaria 07.01/350A/462.01, do orzamento correspondente ao exercicio 2009, 2010 e 2011.

Base 3.^a Obxecto do programa

A) As axudas desta convocatoria serán para as retribucións do persoal dos servizos de normalización lingüística durante o período 2009-2011.

A deputación sufragará ata un máximo de 12.000 euros por anualidade e concello, agrupación ou mancomunidade se ten xornada completa e 6.000 euros se ten media xornada, e se ten xornada inferior ou non é ano completo reducirase o importe proporcionalmente.

B) Os servizos municipais de normalización lingüística deberán contar, cando menos, cun/ha especialista titulado/a superior en lingua galega: licenciado/a, en Filoloxía Galego-Portuguesa, en Filoloxía Galega ou en Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués), ou titulado/a en calquera outra licenciatura máis o Celga 5. A súa categoría profesional será a de técnico/a de normalización lingüística. A súa contratación farase mediante un proceso selectivo no que se avalíen os coñecementos e as capacidades reais e prácticas das persoas candidatas para o desenvolvemento das funcións do posto de traballo respectando, en todo caso, os requisitos de igualdade, mérito e capacidade do candidato ou candidata.

C) O obxectivo principal dos servizos de normalización lingüística debe ser o de incrementar o uso e prestixio da nosa lingua en todos os ámbitos do termo municipal, non só no seo da propia

administración.

En xeral, as funcións que poden ter os SNL, tanto internas como externas entre outras, son as seguintes:

- Funcións xerais internas:
 - Asesorar a administración en todo o relacionado coa política lingüística.
 - Velar polo cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución e, polo tanto, velar para que se lle garantan os dereitos lingüísticos á cidadanía.
 - Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

- Funcións de dinamización lingüística:
 - Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.
 - Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.
 - Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo, empresarial, etc., do termo municipal.
 - Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien a sociedade respecto ao uso da lingua galega.

- Funcións de formación (socio)lingüística:
 - Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos.
 - Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.

- Colaborar no deseño de programas de formación non-lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorábeis á mellora de actitudes lingüísticas.
- Funcións de asesoramento lingüístico interno:
 - Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.
 - Normalizar a imaxe lingüística e fixar criterios lingüísticos para a organización.
 - Resolver dúbidas lingüísticas.
 - Elaborar e recomendar materiais específicos, atendendo ás necesidades dos departamentos.
- Funcións de coordinación e apoio entre a Deputación e os concellos:
 - Apoiar e difundir as accións de normalización desenvolvidas pola Deputación da Coruña.
 - Coordinarse coa Deputación e outros concellos para planificar e executar accións de normalización.

Base 4.^a Solicitantes

1. Poderán participar tódolos concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos que cumpran cada un deles o requisito do número de habitantes. Só poden presentar unha única solicitude.

Base 5.^a. Prazo. Documentación e lugar de presentación

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

2. Documentación: as solicitudes presentaranse no impreso previsto, no que se reflectirá:

- 1) O acordo de solicitude de incorporación ao programa
- 2) A declaración de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social
- 3) Autorización á Deputación a solicitar a devandita declaración

-4) Compromiso de dar publicidade da axuda

-5) Previsións do posto e retribucións do persoal para o que se solicita a subvención.

3. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña, ou por calquera outro dos medios aos que se refire o artigo 38.4.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberase utilizar o modelo que figura como anexo na presente convocatoria.

Base 6.ª Resolución das peticións

Serán atendidas tódalas solicitudes dos concellos que cumpran os requisitos da convocatoria.

O servizo de normalización da Deputación elaborarlle a proposta a Presidencia para verificar que cumpren os requisitos da convocatoria para resolver a concesión das axudas.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

Base 7.ª Aceptación e formalización

1. O alcalde do concello beneficiario disporá dun prazo de quince días hábiles, contados a partir da recepción da resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela.

2. Logo de transcorrer este prazo sen que se comunique a dita aceptación, entenderase tacitamente aceptado se non manifesta a súa desconformidade.

3. Formalizárase esta colaboración mediante a sinatura de convenio entre a deputación e o concello respectivo. Dito convenio será plurianual e o texto figura como anexo I. De setembro a novembro de 2009 e 2010, cada concello poderá presentar, se é o caso, modificacións das condicións.

Base 8.ª Requisitos para o cobro das axudas de cooperación

1. Os beneficiarios do programa, unha vez concedida a axuda, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que foron concedidos. A deputación poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

2. Para proceder ao cobro das axudas, os concellos deberanlle remitir á Deputación Provincial da Coruña, logo de asinar o convenio, os seguintes xustificantes:

a) Copia compulsada do contrato vixente que o concello formalice co/a traballador/a. Se é funcionario/a resolución de nomeamento e acta da toma de posesión. As funcións que han desempeñar deberán ser da categoría correspondente a un/ha licenciado/a, como técnico/a de normalización lingüística.

b) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña (art.189.2 do Texto refundido da lei de facendas locais, R.D.lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro), situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Así mesmo, os concellos deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación en virtude da autorización dada polo concello.

c) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións e axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

d) O beneficiario queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida pola Deputación e demais órganos de control externo e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei orzamentaria e, no seu caso, ao disposto no Código penal.

3. No momento de xustificar a execución total do proxecto, o petionario presentará:

-1. Unha certificación da Secretaría onde se especifique:

- Que o Servizo de Normalización Lingüística foi prestado ao longo de todo o período do convenio, que desenvolveu funcións sinaladas na base 3 destas, e que o persoal, para o que se percibe a achega da deputación, permaneceu adscrito ao servizo durante o tempo de duración do convenio.
- No caso de que por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, non fose posible acreditar a cobertura do posto de traballo para o que se percibe a subvención, durante todo o tempo de duración do convenio, deberase reintegrar a parte proporcional da achega da deputación, segundo o cálculo de dividir o importe da subvención polo número de días no que non se prestou o servizo.
- O importe das retribucións brutas aboadas ao persoal contratado para o dito servizo e a cota empresarial que lle foi aboada á Seguridade Social polo dito traballador ou traballadora.
- Importe doutras subvencións recibidas para a mesma finalidade e período, de ser o caso.

-2. Memoria anual do servizo de normalización lingüística no que fará constar ademais se é o caso a publicidade que se deu respecto da axuda da Deputación.

-3. Acreditación de estar ao corrente nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social ou autorización á Deputación para poder solicitalo.

Base 9.^a Tramitación da xustificación

1. Despois de ver a documentación xustificativa presentada e despois dos informes previos do Servizo de Fomento e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento dos obxectivos do programa e, se a documentación é correcta, darase por xustificada o importe da axuda. A xustificación entregarase antes do 1 de marzo da anualidade seguinte.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

2. O importe da axuda concedida pola deputación, illadamente ou, de ser o caso, na concorrencia con outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, non poderá superar en ningún caso o custo das retribucións e Seguridade Social do persoal adscrito ao devandito servizo. Os eventuais excesos serán devoltos polo concello ou compensados directamente pola deputación.

3. O aboamento da axuda materializarase mediante un ingreso na conta sinalada polo concello.

4. Para cobrar a axuda os concellos deberán estar ao día no pagamento das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través de Servizo Provincial de Recadación. No caso de existiren débitos, poderá aplicarse o sistema de compensación para o pago da axuda.

5. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación, Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

6. Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), requirirase ao beneficiario para a súa presentación (art. 70.3 do Regulamento da lei 38/2003 xeral de subvencións, R.D. 887/2006, no prazo improrrogábel de 15 días. A falta de xustificación da axuda neste prazo excepcional levará aparellada a perda da axuda e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro. Por resolución da Presidencia iniciarase o expediente de reintegro, e a resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Provincial para o seu reflexo contábel. A presentación da xustificación non eximirá ao beneficiario das sancións que correspondan consonte a citada lei, coa gradación indicada nestas bases.

Base 10.^a Sancións no caso de incumprimento das bases

1. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da axuda ou, se é o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificar a resolución da concesión. En ningún caso o importe de todas as subvencións ou axudas concedidas para o mesmo proxecto poderá ser superior ao custo deste.

2. No caso de incumprir os obxectivos ou outras condicións do convenio, o concello deberá

reintegrar o percibido máis os xuros de mora. Para a efectividade do reintegro, a deputación queda facultada para compensar cos ingresos pola recadación dos impostos xestionados pola entidade provincial.

Base 11^a. Responsabilidades e réxime sancionador

1. Os beneficiarios das axudas quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

2. En canto á aplicación das sancións, se a demora no cumprimento do prazo de xustificación, non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% da contía que corresponda aboar, co límite de 75 euros. Se excedese dun mes, e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio, e será do 20% do importe indicado, co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo, que suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe total de 900 euros. O incumprimento reiterado polo mesmo beneficiario en distintas convocatorias dos prazos de xustificación, implicará que se apliquen as sancións antes expostas elevando un grao a que procedese.

Disposición adicional primeira

Para o non disposto nesta convocatoria, en especial todo o que fai referencia á posibilidade de levar a cabo un control financeiro no ano seguinte, das subvencións e axudas xustificadas e pagadas, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2008, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no regulamento que a desenvolve R.D. 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición adicional segunda

1. A aprobación do presente programa de cooperación queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor dos Orzamentos da Deputación do exercicio 2009, 2010 e 2011 no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender ás solicitudes que ao abeiro daquel se presenten.

2. Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria mentres non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.

3. En ningún caso o presente programa xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

ANEXO I

Número /200

**TEXTO DO
CONVENIO DE COOPERACIÓN CO CONCELLO, AGRUPACIÓN OU MANCOMUNIDADE
DE.....(CONCELLOS
DE).....PARA O FINANCIAMENTO DE CREACIÓN OU
MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

A Coruña, de dous mil

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, o Sr./Sra. D./Dna.....Alcalde/sa-Presidente/a do Concello, mancomunidade ou agrupación de

Ambos interveñen en función dos seus cargos e en uso das facultades que lles están atribuídas.

Expoñen

1º. Que a Deputación da Coruña considera un obxectivo prioritario manter a colaboración cos concellos para creación e mantemento do Servizo de Normalización Lingüística (segundo as Bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos da provincia da Coruña para creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística. Anualidades 2009-2011), no exercicio das competencias dispostas nos artigos 2, 6 e 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e 36.2 da Lei 7/1985.

2º. Que lles interesa a ambas entidades a potenciación e o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística para o período 2009-2011, polo que se establece o seguinte convenio de cooperación, ao abeiro dos artigos 57 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril e 198.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Polo exposto, establécense os termos desta colaboración co Concello, agrupación ou mancomunidade de conforme as seguintes

CLÁUSULAS

I. FINALIDADE

O presente convenio establécese para a creación ou mantemento do Servizo de Normalización Lingüística do Concello, agrupación ou mancomunidade de.....

II. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a cooperación consistente na axuda para as retribucións do persoal que se especifica, exclusivamente adscrito ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello, agrupación ou mancomunidade de..... no período 2009-2011.

- Denominación do posto: técnico/a de normalización lingüística
- Número de postos: 1
- Réxime de dedicación: xornada.....

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da creación ou mantemento do Servizo de Normalización Lingüística, tal como se define na cláusula segunda, cunha achega de _____ €.

2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 07.01 350A 462.00, do presuposto 2009, 2010 e 2011, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a retención de crédito correspondente.

3. A achega da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello beneficiario obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da axuda provincial, non supere en ningún caso o importe total do custo efectivamente xustificado.

4. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do custo efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para cumprir estritamente o apartado anterior.

IV. COMPROMISO DO CONCELLO

O Concello, mancomunidade ou agrupación de..... comprométese a prestar o Servizo de Normalización Lingüística no período de xaneiro a decembro de 2009, e a completar no necesario coa súa achega económica o custo do programa obxecto deste convenio e cuxa realización se ha xustificar perante a deputación nos termos e prazos que se detallan.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer o servizo de normalización lingüística do concello, ben sexa a través de medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e coa conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do concello.

VI. REQUISITOS PARA O PAGAMENTO

O importe da axuda aboaráselles aos concellos, con carácter de anticipo prepagable, no momento en que proporcionen os contratos de traballo correspondentes e a resolución da Alcaldía pola que foron aprobados. No caso de ser persoal funcionario, entregarase a resolución de nomeamento e a acta de toma de posesión. As funcións deberán ser da categoría laboral correspondente a un/ha licenciado/a como técnico/a de normalización lingüística.

Para o pagamento o concello deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de existiren débitos poderá aplicarse o sistema de compensación para o pagamento da axuda.

VII. XUSTIFICACIÓNS

Ademais dos xustificantes indicados na cláusula sexta no caso de que non foran xa entregados, o concello, agrupación ou mancomunidade, achegará antes do 1 de marzo do exercicio seguinte a documentación que segue:

- 1º. Memoria anual do servizo de normalización lingüística na que fará constar ademais, se é o caso, a publicidade que se deu respecto da axuda da Deputación.
- 2º. Certificación de Secretaría onde conste:
 - a) Que o Servizo de Normalización Lingüística foi prestado ao longo de todo o período do convenio, e que o persoal para o que se percibe a achega da deputación, permaneceu adscrito ao servizo durante o tempo de duración do convenio.

(No caso de que por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, non fose posible acreditar a cobertura do posto de traballo para o que se percibe a achega, durante todo o tempo de duración do convenio, o concello, agrupación ou mancomunidade devolverá a parte proporcional da achega da deputación, segundo o cálculo de dividir o importe da axuda polo número de días que non se prestou o servizo).

b) O importe das retribucións brutas aboadas ao persoal contratado para dito servizo e cota empresarial aboada á Seguridade Social por dito traballador/a.

c) Importe doutras subvencións ou axudas recibidas para a mesma finalidade e período, se é o caso.

Sobre a xustificación emitirá informe o Servizo de Fomento e de Patrimonio e Contratación da deputación.

O importe da axuda concedida pola deputación, illadamente ou se é o caso, na concorrncia con outras axudas públicas ou privadas, non poderá superar en ningún caso o custo das retribucións e Seguridade Social do persoal adscrito a dito servizo. Os eventuais excesos serán devoltos polo concello ou compensados directamente pola deputación.

VIII. PRAZO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN

O persoal desempeñará os servizos de normalización lingüística deste convenio no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2011.

IX. INCUMPRIMENTO

No caso de incumprimento dos obxectivos ou doutras condicións do convenio, o concello, agrupación ou mancomunidade deberá reintegrar o percibido máis os xuros de mora devengados. Para a efectividade do reintegro, a Deputación queda facultada para compensar cos ingresos pola recadación dos impostos xestionados pola entidade provincial.

X. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da axuda, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante unha declaración responsábel expedida, autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos certificados correspondentes ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os certificados correspondentes.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinado por esta de oficio.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá levar consigo a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pago dos xuros de mora que se xeren desde o día no que se pagou ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), e daráselle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que se lle aplicará o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na base 54.^a das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso en realizar as actividades xerará unha sanción dun 10 por 100 do importe da achega co límite de 75,00 €, se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso en realizar as actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da achega outorgada, co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei impoñerase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da achega outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción impoñerase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da achega outorgada, co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción impoñerase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da axuda, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación do concello seranlle remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa finalidade exclusiva disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, para cumprir o disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da achega ao concello será publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña e poderase publicar na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2009 e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2011.

2. Logo da solicitude do concello, agrupación ou mancomunidade, que se realizará de setembro a novembro de 2009 e 2010, as condicións do convenio poderán ser modificadas por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

As partes comparecentes, ao estaren conformes co contido, asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e na data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

PROVINCIAL DA CORUÑA

O/A ALCALDE/SA- PRESIDENTE/A

DO/A CONCELLO, AGRUPACIÓN,

MANCOMUNIDADE DE

ANEXO



SERVIZO DE FOMENTO
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
 Teléfono: 981 080 358.Ext. 4341, 4342, 4343.
 Enderezo electrónico: normalizacion.linguistica@dicoruna.es

Nº EXPTE

ANO 200.....

**SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A CREACIÓN E
 MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN
 LINGÜÍSTICA**

SOLICITANTE

Datos do concello

Denominación:..... CIF:.....
 Enderezo:..... C.P.:.....
 Localidade:..... Telf.:..... Fax:.....
 .Correo e:.....

Enderezo para efectos de notificación

Enderezo:..... C.P.:.....
 Localidade:..... Telf.:..... Fax:.....

PARA CUBRIR POLO SOLICITANTE		
MATERIA	TIPO DE AXUDAS	APLICACIÓN ORZAMENTARIA 07.01/350A/462.01
SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	PARA NOVA CREACIÓN <input type="checkbox"/>	
	PARA MANTEMENTO DOS SERVIZOS EXISTENTES <input type="checkbox"/>	

A) CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE

1) D/Dª....., con DNI nº.....,
como secretario/a do concello de.....

CERTIFICA: que na reunión celebrada o día.....
adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude: **AXUDA NA
CONVOCATORIA DIRIXIDA A CONCELLOS PARA SERVIZOS DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en
.....de.....de 200.....

Vº e praxe:
O presidente,

O/a secretario/a,

**B) DECLARACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS
TRIBUTARIAS, COMPROMISOS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

D/Dª.....,
como representante do concello de

DECLARA:

- 2) Que este concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 3) Autorizo a Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello ao que representa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SI
NON

- 4) Que fará a publicidade que proceda da colaboración da Deputación ao mantemento do servizo de normalización lingüística do Concello.

.....de.....de 200.....

Sinatura,

5) SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ...
 AGRUPACIÓN OU MANCOMUNIDADE DE ...

PREVISIÓNS DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA
 DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA ANUALIDADE 2009.

Nº	POSTO ¹	TIPO DE RELACION LABORAL ²	TITULACIÓN ³	GRUPO ⁴	RETRIBUCIÓNS /ANO	XORNADA ⁵ POR CONCELLO	FINANCIAMENTO			
							CONCELLO	XUNTA	FIGAMP	DEPUTACIÓN
1	OUTROS POSTOS DO SERVIZO									
2										
3										

¹ POSTO: ... TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

² TIPO DE RELACIÓN: FUNCIONARIO, LABORAL, ... ETC.

³ TITULACIÓN: ...

⁴ GRUPO DE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL: ...

⁵ XORNADA: COMPLETA, ½ XORNADA, TEMPOS DE SERVIZO ...

50.-APROBACIÓN DO PROXECTO “PROMOCIÓN DAS ENERXÍAS RENOVABLES NA PROVINCIA DA CORUÑA” NO MARCO DO PROGRAMA “MECANISMO FINANCEIRO DO ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO 2004-2009.”

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º.- Aprobar tecnicamente o proxecto “Promoción das enerxías renovables na provincia da Coruña”, no marco do programa “Mecanismo financeiro do Espazo Económico Europeo 2004-2009”

O obxectivo do proxecto é a realización de instalacións solares fotovoltaicas, con conexión á rede e illadas, con apoio de pequenos eólicos, e instalacións solares térmicas, en edificios municipais (instalacións deportivas, culturais, sanitarias, etc.) de 19 concellos de tipo rural da provincia da Coruña para a xeración de electricidade, contribuíndo así, a minorar o impacto ambiental sufrido nos devanditos concellos, ata a data, polo uso de fontes fósiles (carbón, fuel-oil ou gas natural) de alto poder contaminante pola emisión de gases nocivos á atmosfera. As devanditas actividades realizaraas a administración pública e en edificios municipais para fomentar o efecto capilar da iniciativa, erixindo á administración local como referente na aplicación de medidas sostibles ambientais.

2º.- Aprobar a distribución financeira do proxecto, por entidade participante, cuxo detalle se describe a seguir:

TIPO DE GASTO	TOTAL	IMPUTACIÓN TEMPORAL				PARTIDA
		2008	2009	2010	2011	
Custos de xestión (Servizos)	60.000,00	60.000,00	0,00	0,00	0,00	0305/731.C/628.00
Estudos e plans (Servizos)	190.000,00	190.000,00	0,00	0,00	0,00	0305/731.C/628.00
Preparación de terreos (Contratistas)	228.000,00	228.000,00	0,00	0,00	0,00	0305/731.C/628.00
Instalacións fotovoltaicas e térmicas (Contratistas)	2.599.955,00	1.418.932,00	1.181.023,00	0,00	0,00	0305/731.C/628.00
Publicidade (servizos)	30.000,00	30.000,00	0,00	0,00	0,00	0305/731.C/628.00

TOTAL	3.107.955,00	1.926.932,00	1.181.023,00	0,00	0,00
Achega do Mecanismo Financeiro	1.181.022,90	0,00	1.181.023,00	0,00	0,00
Achega da Deputación da Coruña	1.926.932,10	1.926.932,00	0,00	0,00	0,00
Total financiamento	3.107.955,00	1.926.932,00	1.181.023,00	0,00	0,00

3º.- A Deputación Provincial da Coruña como promotora responsable do proxecto asumirá a realización das seguintes actuacións:

A realización dun Plan de situación ambiental: efectuarase inicialmente en cada un dos concellos analizando a situación real en materia de residuos urbanos, calidade de auga, existencia de puntos limpos, recollida selectiva, etc.

A realización dun Plan de actuación con enerxía solar co obxectivo de detectar os edificios e locais con posibilidade de actuación (casa do concello, pavillóns deportivos, colexios, piscinas, etc.).

A elaboración dun Plan de compensación de consumos: análise de consumos eléctricos nos distintos edificios co obxectivo de elaborar un Plan de consumos e contratar o aforro enerxético local.

O deseño dun Plan de actuación en cada concello: tras as análises previas, concretaranse as instalacións a realizar no marco do proxecto e a medio-longo/prazo.

A elaboración da documentación técnica das instalacións: unha vez decididas as instalacións que se realizarán no marco deste proxecto, elaboraranse a documentación técnica e realizaranse os procedementos administrativos necesarios para a contratación e execución dos proxectos, segundo a Lei de contratos da administración pública.

A realización das instalacións: unha vez definidas as instalacións de electrificación mediante enerxía solar fotovoltaica, térmica e eólica en cada concello, procederase á propia execución das instalacións e a súa posterior posta en marcha.

4º.- As instalacións seranlles entregadas aos concellos pola Deputación provincial como promotora do proxecto unha vez sexan recepcionadas, o que garantirá o cumprimento do disposto na cláusula 6 do convenio de instrumentación da axuda. Para tal efecto a deputación e os concellos asinarán as correspondentes actas de entrega nas que deberán quedar acreditados os compromisos asumidos polos concellos, de manter a propiedade das instalacións, polo menos, durante os cinco anos seguintes á entrega e dos compromisos correlativos de dedicar as instalacións ás mesmas fins para as que se entreguen.

5º.- A eficacia da presente resolución queda condicionada á aprobación e definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de crédito 2/2008 no que se habilita o crédito adecuado e suficiente con que financiar a totalidade do proxecto.

6º.- Delegar a sinatura do convenio a través do que se instrumenta a axuda concedida polo Mecanismo Financeiro do Espazo Económico Europeo no Sr. Vicepresidente da Corporación provincial, D. Pablo Villamar Díaz”.

ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Gacio Vázquez

O Grupo Provincial Popular ten dúas preguntas e un rogo, unha pregunta do deputado don Ricardo García Borregón, outra pregunta da deputada Pilar Farjas e un rogo do deputado Pablo Cobián.

Sr. García Borregón

Imos intentar así, tratar de facer a pregunta, a formular a pregunta de hoxe, moi brevemente.

En data do 25 de xuño nós formulabamos unha pregunta relacionada co parque comarcal de bombeiros, naquel momento de Santiago, e contestóusenos que, ben, que dalgunha maneira iamos tratar de que se nos ía informar por parte da Deputación a medida que as negociacións entre Xunta, Deputación e Concello para cumprir, ben, era unha sentenza sobre o tema da seguridade dos cidadáns e demais. Con respecto a iso, que foi o mes de xuño, houbo unha serie de modificacións e de cambios que dalgunha maneira quería relatar o máis breve posible, porque é unha cousa bastante complexa, pero tratarei de facelo o máis breve posible co fin de ir directamente ás preguntas para que se nos conteste por escrito sobre este tema.

Xa en setembro do 2001 é cando se asina un convenio para a creación do Parque Comarcal de Bombeiros de Santiago e varios concellos como Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra. Eran unhas condicións para a creación do servizo de bombeiros, para a renovación de equipos, construción dun novo edificio, ampliación do cadro de persoal e a integración como un centro asociado. Naquel momento asináronse por valor de 527 millóns de pesetas, naquel momento financiados 40-40-20, Deputación-Xunta-Concello de Santiago.

Este convenio tivo varias modificacións, en outubro de 2003, que se asina un novo convenio xa con valor de 835.000 euros, posteriormente faise unha modificación en decembro de 2004, e en definitiva en abril de 2005 asínase un novo convenio para a construción do Parque de Bombeiros en Santiago, parque comarcal, cun orzamento de

2.200.000 euros de importe. Licítase esa obra, adxudícase por un valor de 1.878.000 euros. Está todo preparado para iniciar a obra, estamos a acta de replanteo no ano 2005, un ano despois, en outubro de 2006, parázanse as obras de execución deste parque comarcal, é dicir, hai dous anos que esta estrutura e esta obra está paralizada coas seguintes importantes consecuencias, tanto da paralización de infraestrutura como para o colectivo dos bombeiros, e máis aínda para o servizo en xeral para o propio cidadán. Isto acaba coa resolución dese contrato de execución.

Despois hai un procedemento que se produce un conflito laboral que ten o seu inicio tamén en 2001, e iso acaba cunha sentenza do Tribunal Supremo declarando nulas unhas resolucións plenarias pero que, ao mesmo tempo, en definitiva di que o ámbito territorial do corpo de bombeiros queda circunscrito ao termo municipal de Santiago, iso que se produce neste longo proceso, danse dúas vertentes negativas, o que é a xestión da propia execución do proxecto, que ten a obra en estrutura e paralizada durante máis de dous anos, e despois a falla de acordo co colectivo de bombeiros e esta sentenza da cal falaba.

Por último, e dalgunha maneira é por que formulamos esta pregunta, temos noticia de que intervéñ a deputación para un novo parque comarcal, esta vez no Concello de Ames, é dicir, despois dun cúmulo de despropósitos, que implica duplicar investimentos, multiplicar custos de mantemento, imos ter dous parques de bombeiros a menos de cinco quilómetros, co cal, evidentemente, non é a mellor eficiencia do diñeiro público. Polo tanto ante esta situación o noso grupo fai as seguintes preguntas para que se nos formulen e se nos contesten por escrito.

Primeira, cal foi ata o momento o importe que a deputación consignou ao parque comarcal de bombeiros situado en Santiago? E unha vez resolto o contrato de execución das obras deste parque, tendo en conta a sentenza do Supremo de anulación do convenio e a decisión de construír un novo parque en Ames, preguntamos que se é intención do goberno provincial contraer compromiso nun novo convenio para cofinanciar as obras do xa parque municipal de Santiago. O terceiro, se pode confirmar o equipo de goberno a súa intención de cofinanciar o novo proxecto previsto no Concello de Ames, se xa coñecen o investimento deste novo parque e, por último, se poden darnos unha avaliación do que representará, o sobrecusto para esta deputación, ter paralizada dous anos unha obra e non poder chegar a un acordo laboral co colectivo de bombeiros. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Villamar Díaz

Moitas grazas, Sr. García Borregón, contestarémolle por escrito, como vostede solicita. Ten a palabra a Sra. Pilar Farjas.

Sra. Farjas Abadía

Bos días, grazas Sr. Presidente, bos días a todos os deputados e deputadas. Neste caso traemos tamén un tema de importancia como é coñecer cales son as previsións de actuación desta Deputación provincial para a posta en marcha efectiva do Museo de Ciencia e Tecnoloxía. Retrotráime ao momento, en 2001, cando se inicia o proceso de elaboración do proxecto de construción do que se denominaría Prisma de Cristal, como potencial sede do Museo das Artes da Deputación Provincial da Coruña. E temos que lembrar ademais que a deputación conta co Conservatorio de Danza e cunha importante actividade formativa e profesional no terreo das artes plásticas na nosa provincia, bagaxe que fundamentou a proposta de complementalo cun centro expositivo. O citado edificio Prisma de Cristal por todos é coñecido o custo que ten, o valor que ten, tanto na parcela como no edificio, máis de 11 millóns de euros. O anuncio electoral en 2005 do Sr. Zapatero na cidade da Coruña de dotar a esta cidade dun Museo Nacional e diante da falta evidente de compromiso investidor do Ministerio correspondente, entón Ministerio de Educación e Ciencia, agora Ministerio de Innovación, levou á decisión de propoñer este edificio, o Prisma de Cristal como potencial sede de Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía. Desde ese momento a Deputación provincial deu todos os pasos legais para facer posible a cesión do terreo, non vou redundar nos acordos, tanto de expedientes de desafectación como de aprobación do expediente de cesión deste edificio. En todas as decisións contaron co noso apoio, diante da clara evidencia da vontade política do actual goberno da deputación de non facer efectiva a posta en marcha dun museo provincial, e sempre co desexo de dar o mellor uso alternativo a estas espléndidas instalacións.

A pesar dos tres anos transcorridos, ata este momento non existiu ningunha iniciativa, normativa nin expediente económico por parte do entón Ministerio de Educación e Ciencia, agora Museo de Ciencia e Innovación, para dar entidade legal a esta nova sede do Museo Nacional, nin dotación de proxectos humanos, nin proxecto museístico. As únicas evidencias feitas públicas foron os acordos desta deputación, deste Pleno, e dous acordos marcos que se asinaron entre o concello da cidade da Coruña, o Ministerio de Educación e Ciencia e a deputación, no primeiro caso, e sendo excluído ou ausente dese acordo marco no segundo dos acordos, non son convenios formais porque son acordos de intencións.

Non obstante, esta pasividade, as arcas locais da deputación seguiron investindo no proxecto estatal, así neste mesmo ano, saben vostedes ben que aprobamos dous expedientes de gasto, un por valor de 500.000 euros para propoñer o proxecto de arranxo do contorno da praza onde está situado o edificio; o segundo, o expediente aprobado no modificativo primeiro, para indemnización á empresa construtora por valor de 678.315 euros, diante da falta de cumprimento por parte do Goberno central dos prazos, é dicir, diante da desidia, o abandono por parte do Goberno central, houbo que indemnizar á empresa construtora cun valor de 678.000 euros. É dicir, neste momento xa os coruñeses sabemos o que costa a falta de compromiso do Sr. Zapatero e

do seu goberno con este proxecto, non soamente non inviste na cidade, senón que somos os concellos da provincia os que estamos tendo que indemnizar por esta falta de execución de prazos e de inacción.

Tampouco neste período por parte do Goberno central se realizou ningunha actuación efectiva destinada a facer realidade a creación da nova sede, así non existe constancia da execución en ningún contrato, concurso, convenio nin compromiso financeiro para gastar o 1.800.000 euros que, despois dunha emenda aos Orzamentos do 2008, se anunciaron. Sabemos o barato que é prometer e non dar.

De igual maneira non existe certeza do compromiso financeiro nos Presupostos do 2009, toda vez que os dous millóns e medios anunciados nos medios, non aparecen consignados con nomes e apelidos, senón que aparecen dentro as contías orzadas para o Ministerio de Ciencia e Innovación, e tampouco aparecen nos presupostos da Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía, que é a responsable dos museos nacionais.

Xa que logo, é constatable que a sede do Museo de Ciencia e Tecnoloxía non aparece nin nas páxinas nin en documentos do Goberno central. Non existen, non temos constancia os membros deste Grupo Provincial do Partido Popular, do proxecto museístico previsto para esta sede, entendendo que o custo económico que supuxo xa para a nosa provincia é máis que suficiente, 14 millóns e medio ata este momento, expoñemos unha serie de preguntas acerca de que formula, que actuacións ten previstas este goberno provincial para levar a cabo. Gustaríanos que nos contestasen vía procedemental, por escrito, como corresponde a unha pregunta oral. Neste sentido queremos saber se consideran que o gasto está xustificado, este gasto en indemnización pola falta de decisión do Goberno central na execución do proxecto, e se se vai xestionar a petición de reintegro ás arcas locais do custo da indemnización á empresa construtora.

Queremos saber tamén se está previsto algún investimento adicional aos que xa temos comprometidos, ou algunha transferencia económica adicional desde a Administración local á central, queremos coñecer se ten coñecemento ou que actuacións vai realizar a Deputación provincial para coñecer o proxecto museístico para esta sede do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, ou que medidas están previstas para a utilización inmediata do edificio e, sobre todo, para despois como se vai constituír o proxecto de seguimento, o grupo de seguimento, para a execución dos criterios aprobados no proxecto de cesión onde están especificadas as condicións desacesión e cremos que é necesario xa establecer con que criterios se vai realizar o seguimento. Tamén nos gustaría saber que actuacións fixo o goberno provincial diante do promotor e anunciante da iniciativa, é dicir, o Sr. Rodríguez Zapatero, que motivos explican a falta de participación desta deputación nos grupos de traballo creados entre o Ministerio de Educación e Ciencia entón e o concello, ou cantas reunións tiveron lugar entre a deputación, os representantes deste goberno provincial, e o Ministerio de Educación e Ciencia, agora Ministerio de Ciencia e Innovación, e cando se prevé que

se fará efectiva a sinatura do convenio de cesión do edificio e praza Prisma de Cristal. Grazas.

Sr. Villamar Díaz

Moitas grazas, Sra. Pilar Farjas, contestaremos tamén, como vostede moi ben dixo, por escrito ás súas preguntas, que son bastantes sobre un mesmo tema.

Sr. Cobián Fernández de la Puente

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados. Este grupo provincial quere manifestar a súa felicitación polas interesantes e oportunas xornadas internacionais sobre as áreas supramunicipais que se promoveron esta mesma semana desde a Deputación provincial en colaboración coa Universidade da Coruña.

Tamén, como dixen no momento oportuno nas xornadas, pero quero aproveitar agora desde este grupo provincial, transmitir tamén os parabéns ao profesor Xosé Lois Martínez, ao seu equipo de traballo, ao seu equipo técnico, así como aos funcionarios da área de Cooperación e Asistencia a Concellos implicados nestas xornadas.

Entendo e creo que se realizou un estudo básico, unha folla de ruta, por dicilo dalgunha forma, que entendo que vai marcar o inicio de como traballar desde hoxe e no futuro para o desenvolvemento das novas áreas supramunicipais na nosa provincia, na provincia da Coruña, pero queremos que isto non quede como unha simple anécdota, queremos que estas xornadas sexan un punto de partida para que a deputación se implique de forma seria e definitiva no deseño das áreas metropolitanas e, sobre todo, nunha cuestión básica que é o desenvolvemento de plans de mobilidade provincial.

Desde este grupo cremos que é unha evidencia que o goberno da Xunta non ten vontade política, nin unidade de criterio, na configuración das áreas metropolitanas, e digo que non ten vontade política porque o feito de que o Director Xeral de Urbanismo que era, por certo, un dos relatores nestas xornadas, non se presentou, a pesar de agardar a súa asistencia. Eu non sei se o Sr. Presidente coñece os motivos da súa ausencia.

E non ten unidade de criterio porque hai que lembrar que non hai moito tempo, non hai moitos meses, o propio conselleiro de Presidencia, o Sr. Méndez Romeu, presentaba un plan para a creación de áreas metropolitanas que foi, por certo, fortemente contestado, incluso o propio presidente da deputación, hoxe ausente, expresou publicamente o non acordo con este plan e transmitiu as súas serias dúbidas sobre o antedito plan e que desde entón durme o sono dos xustos nun caixón dalgún despacho da Xunta.

E dito isto, é unha evidencia tamén a gran actividade económica e o fluxo de persoas e mercancías no contorno da área metropolitana da Coruña. Os coruñeses e

coruñesas, os veciños de todo o contorno e todos os que estamos aquí presentes, sufrimos a diario a situación de caos circulatorio nos accesos á cidade da Coruña e entre os concellos da área metropolitana. E tamén é unha evidencia que xa somos unha grande área metropolitana, e que a día de hoxe non existe un informe técnico serio sobre a mobilidade da nosa área, no que se están movendo ao redor de 600.000 persoas. Por iso, é responsabilidade desta administración, este ente provincial non se pode quedar á marxe como ente supramunicipal, a de promover cantas iniciativas superen o ámbito simplemente municipal e axudar, sobre todo, a poñer orde no deseño do territorio de cada un dos concellos das áreas metropolitanas para garantir, como dixeran antes, a súa mobilidade.

Por todo iso, rogamos desde este Grupo Popular, que o goberno provincial promova a creación dun grupo de traballo con participación dos tres grupos políticos para a realización dun estudo técnico para a redacción dun Plan provincial de mobilidade, e así mesmo, tamén rogamos que nos presupostos da deputación para o ano 2009 se reserve unha partida orzamentaria para tal fin. Moitas grazas.

Sr. Villamar Díaz

Moitas grazas, Sr. Pablo Cobián, dicirille que a deputación e o grupo de goberno seguramente, xa o vén facendo, e continuará, non vai agocharse neste tema, senón que vai traballar tamén nel, tema onde ademais eu creo que é un tema complicado. Decía Arsenio, tiña unha frase que dicía aquilo que “Hai cousas que son moi difíciles”, é moi difícil, este é un tema tamén moi difícil e onde temos que ter prudencia e lealdade ao país entre os tres grupos políticos, os tres grupos maioritarios, de non utilizar o tema de ordenación do territorio para tirarnos os trastes á cabeza os uns aos outros e buscar réditos electorais. Eu creo que temos que ter unha perspectiva de país os tres grupos políticos da mesma maneira, e eu quero tamén acabar agradecéndollo, non é habitual que eu exerza de presidente, é outra persoa á que lle corresponde, e quero agradecer, nese sentido, a responsabilidade que tivemos os tres grupos políticos que hoxe fomos capaces de sacar un Pleno adiante con moitas noces e pouco ruído. Moitas grazas.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e vintecinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.